



*Con entusiasmo para
aprender cada día.*

MEMORIA FIN DE CURSO



CEIP Plurilingüe SOBREIRA- VALADARES

Curso 2019 – 2020

CEIP SOBREIRA – VALADARES

2019 - 2020

ÍNDICE

1. IDENTIFICACIÓN	3
2. ANÁLIXE DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PXA	3
3. PREVISIÓNS /ESTADÍSTICAS MATRÍCULA	5
4. CADRO RENDEMENTO ACADÉMICO	5
5. PREVISIÓNS PROFESORADO CURSO 2018 – 2019	6
6. RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES	7
7. DOTACIÓN DE MATERIAL	8
8. MELLORA DAS INSTALACIÓNS	8
9. SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS	9
10.PLANS DE TRABALLO DO CLAUSTRO	9
11.LIBROS DE TEXTO	20
12.SERVICIOS COMPLEMENTARIOS	21
ANEXOS: MEMORIAS EQUIPOS DOCENTES	23
A1. MEMORIA EDUCACIÓN INFANTIL	23
A2. MEMORIA EQUIPO DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	27
A3. MEMORIA 1º	28
A4. MEMORIA 2º	29
A5. MEMORIA 3º	31
A6. MEMORIA 4º	33
A7. MEMORIA 5º	33
A8. MEMORIA 6º	35
A9. MEMORIA DEPARTAMENTO DE INGLÉS	36
A10. MEMORIA EQUIPO DINAMIZACIÓN DA L. GALEGA	39
A11. MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE	41
A12. MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	44
A13.MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	46
A14. MEMORIA EQUIPO DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA	50
A15. MEMORIA EQUIPO TICS	60
A16. MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA.	63
A17. MEMORIA EQUIPO DINAM. CONVIVENCIA ESCOLAR	65
A18. MEMORIA DO PLAN DE CONVIVENCIA	67
A19.MEMORIA EQUIPO ACT. EXTRAESCOLARES E COMPL.	69
A20.MEMORIA ANPA	71

1. IDENTIFICACIÓN DO COLEXIO

CEIP Plurilingüe Sobreira – Valadares.
Código de Centro 36015810
ceip.sobreira.valadares@edu.xunta.es



O CEIP Plurilingüe Sobreira-Valadares está emprazado a carón da estrada Clara Campoamor que une Vigo e a Universidade. As nosas instalacións sitúanse nunha parcela de 15.000 m². Consta de: edificio escolar, parques de xogos, ximnasio, pista deportiva, campo de herba, horta escolar e xardíns.

O valor do esforzo que quixemos transmitir, precisa do apoio familiar e social para conseguir que o alumnado acade as competencias e metas programadas para o curso

Traballamos pola mellora do Centro xunto co claustro de mestras e co apoio das familias, que a través da súa ANPA, están a colaborar na educación do alumnado.

2. ANÁLISE DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS NA PXA

Este curso tivemos que revisar os obxectivos previstos na PXA debido a excepcional situación producida pola pandemia do Covid19. A primeira consecuencia foi o cambio de metodoloxía, pasando das clases presenciais á docencia telemática en todos os niveis educativos do centro. Houbo un tempo de axuste en todos os cursos xa que tiñamos alumnado con problemas de conectividade, que non foi doado resolver. O centro prestou cinco ordenadores do equipamento da Biblioteca e, por mediación da Cruz Vermella, catro tarxetas de datos para mellorar a conectividade. Por outra parte a meirande parte dos nosos alumnos precisaron da axuda das familias para revisar a páxina web e descargar os contidos e as tarefas. Finalmente artelláronse diversas estratexias de comunicación coas familias : páxina web, correo electrónico, classdojo, whatsapp, teléfono, webex. A medida que pasaban as semanas tivemos que prestar especial atención ás necesidades emocionais dos alumnos, desde o desánimo ata a preocupación e o medo xerado pola pandemia. Mantiveronse contactos frecuentes con todo o alumnado, tanto individual como colectivamente; funcionaron con moita eficacia as videoconferencias nas que todos os alumnos dun grupo podían comunicarse, sendo unha ferramenta importante para tranquilizar e animar aos alumnos e que se sentiran apoiados e comprendidos.

Con respecto ao currículo, e seguindo as instrucións da Consellería, non se avanzaron contidos e adicouse o terceiro trimestre ao repaso e afianzamento dos contidos previamente traballados nas aulas. Esta actividade tivo moita importancia esixindo do profesorado unha adaptación metodolóxica para facer motivadoras e non repetitivas as tarefas na casa. Implementáronse estratexias de traballo Cooperativo e por proxectos e

mantivemos o carácter plurilingüe do centro con material audiovisual en Inglés enviado con regularidade a todo o alumnado.

Practicamente todos os alumnos estiveron conectados e en comunicación co profesorado, agás uns poucos que, aínda que estaban localizados e en contacto telefónico co centro non enviaron recibo das tarefas nin se conectaron ás chamadas colectivas. Por parte do Equipo directivo tomáronse medidas para garantir o benestar destes alumnos aínda que non foi posible solucionar a falta de traballo.

Todo o profesorado realizou unha adaptación da programación na que se fixo constar os contidos impartidos e un informe por curso onde están reflectidos os contidos curriculares pendentes, ademais dos informes individualizados dos alumnos.

Este curso as relacións cos distintos organismos da contorna: IES, CVC Valadares, Comunidade de Montes de Valadares, foi moi fluída, participando en propostas conxuntas ata o momento do confinamento.

Este ano non pudemos seguir mantendo a correspondencia co colexio público Pablo Sarasate de Móstoles, que se ofreceu a colaborar con nós na repoboación dos bosques da zona afectados polos incendios de outubro de 2017. Desde o EDLG propuxemos elaborar unhas postais festexando o Día de Rosalía que finalmente non foi posible enviar e que queda para o seguinte curso

Para traballar pola convivencia, seguimos as pautas recollidas no novo Plan de Convivencia en base a nova lexislación aprobado no último Consello escolar do curso 2015-16. As actividades realizadas no plano da convivencia escolar foron propostas por este equipo e xiraron arredor de distintos temas trasversais relacionados con conmemoracións a nivel internacional, como o Día da Muller, Día contra a violencia de xénero... Tamén se realizáron actividades conxuntas de toda a comunidade educativa e talleres da campaña “Camiña con nós pola igualdade” do Concello de Vigo. Con relación ao fomento do Plan de Igualdade habilitamos un espazo de xogo simbólico para o alumnado de Primaria e está previsto un areeiro tamén para dito alumnado, na liña de potenciar os xogos de relación non segregados por sexo.

Fomentamos o uso real do galego aumentando actividades e salientando datas significativas (Día de Rosalía) remarcando e visibilizando as tradicións galegas no discorrer do curso.

Seguimos potenciando o uso da lingua estranxeira apostando polo inglés como materia de libre configuración (4º e 6º EP) e actividades lúdicas compartidas coas familias (festas tradicionais da cultura inglesa, V Festival de Inglés, adquisición materiais, inclusión do inglés nos proxectos da Biblioteca e de Convivencia...)

3. PREVISIÓNS DE MATRÍCULA PARA O CURSO 2019-20

MATRÍCULA	CURSO 2014-15	CURSO 2015-16	CURSO 2016-17	CURSO 2017-18	CURSO 2018-19	CURSO 2019-2020	CURSO 2020 - 2021
ED. INFANTIL							
3 ANOS	15	10	9	23	18	22	19
4 ANOS	13	15	10	10	24	20	22
5 ANOS	13	15	16	12	13	25 + 4= 29	22
TOTAL INFANTIL	41	40	35	45	55	71	63
ED. PRIMARIA							
PRIMEIRO A	18	16	18	21	20	17	16
PRIMEIRO B							16
SEGUNDO	22	14	18	20	22	21	21
	40	30	36	41	42	38	53
TERCEIRO	18	22	17	19	24	23	23
CUARTO	19	16	22	19	24	26	25
	37	38	39	38	48	49	48
QUINTO	23	20	19	21	18	25	25
SEXTO	16	22	19	19	27	18	23
	39	42	38	40	45	43	48
TOTAL PRIMARIA	116	110	113	119	135		
MATRÍCULA	157	148	148	164	190	199	212

4. RENDEMENTO ACADÉMICO DO CURSO 2018-2019

2019- 2010	Promociona	Non Promociona
1º EP	18	0
2º EP	20	0
3º EP	23	0
4º EP	26	0
5º EP	24	0
6º EP	17	0

5 . PROFESORADO DURANTE O CURSO 2019-2020

CEIP SOBREIRA	PROFESORADO 2019-2020	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA
EDUCACIÓN INFANTIL:		
4º EI (3 ANOS)	CONCEPCIÓN MARTÍNEZ MARTÍ	PD
5º EI (4 ANOS)	LORENA ESTÉVEZ ÁLVAREZ	PD
6º EI (5 ANOS)	Mª DOLORES PUGA PORTABALES	PD
4ª PLAZA DE E.INFANTIL	ANA Mª FERNÁNDEZ BENÍTEZ	PD
6º EI(5 ANOS)	NOELA CAMESELLE VILA	PP
EDUCACIÓN PRIMARIA:		
1º EDUC. PRIMARIA	MÓNICA RODRÍGUEZ CES	PD
2º EDUC. PRIMARIA	ANA ABELLEIRA VILLANUEVA	PD
3º EDUC. PRIMARIA	VICTOR GALLEGO BERNÁRDEZ LETICIA RODRÍGUEZ PAIS	PP
4º EDUC. PRIMARIA	MERCEDES COSTELA SOBRINO	PD
5º EDUC. PRIMARIA	Mª JOSÉ SÁNCHEZ GUTIERREZ ROSA ANA RODRÍGUEZ SANTOS	PD
6º EDUC. PRIMARIA	GUILLERMO REINALDO BARCIA	PD
Educ. Primaria PLURILINGÜISMO	MARÍA SENDÓN LESTÓN	PD
Educación musical	MARIANA COVELO FIGUEIREDO	PD
Educación física	GUILLERMO REINALDO BARCIA	PD
Filoloxía inglesa	ITZIAR ARENAS VILLARROEL	PD
PT	CARIDAD SENRA GÓMEZ	PD
PT2	Apoio a cargos directivo	SOLICITADO
AL	PAULA DAVILA FERNÁNDEZ	PP
DPTO. ORIENTACIÓN. (Compartido Matamá)	Mª GLORIA GARCÍA FERNÁNDEZ	PD
Relixión	ANA RÚA RODRÍGUEZ	PD

6. RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES

Concello de Vigo.

- Actividades complementarias no centro do Servizo de Normalización Lingüística.
- Concellería de Igualdade.
- Campaña educación viaria.
- Campaña Impórtanos

Universidade de Vigo

- Colaboración nas actividades do laboratorio.
- Experiencias divulgativas de pais/nais do alumnado.

IES VALADARES.

- Equipo directivo e Departamento Orientación
- Colaboración con grupos interdisciplinares de profesoras (lingua, música, tecnoloxía...)

CFR Vigo

AFUNDACIÓN

Diversas actividades en saídas complementarias: música, teatro...

Servizo de Deportes da Xunta

Atletismo e loita.

Asociación Veciñal e cultural de Valadares

Promoción/coñecemento das súas actividades: música, sendeirismo, extraescolares, etc..

Colaboración e cesión de instalacións (salón de actos – Nadal), participación no libro de festas.

Organización de clases de reforzo pola asistente social do CVC

Fundación BANTA (Recollida de tapóns)

SOS ÁFRICA

Álvarez Vázquez. (transporte gratuíto nalgunha actividade do centro na contorna)

Melytour. (transporte gratuíto nalgunha actividade do centro na contorna)

Comunidade de augas de A Garrida e Sobreira. Cesión das nosas instalacións.

Comunidade de Montes de Valadares Proxecto de reforestación do monte queimado.

Clube de Fútbol de Zamáns. Cesión das nosas instalación

7. DOTACIÓN DE MATERIAL

Biblioteca

Varias dotacions de lotes de libros , material informático, ordenadores e iPads, adquisición de novo mobiliario grazas a nosa inclusión no PLAMBE .

TICS

- Adquisición de tres portátiles para aulas de infantil e primaria.

AULAS

Acondicionamento da aula de desdoble de 6º de Infantil

Creación dun espazo de xogo simbólico pola igualdade nun cuarto anexo ao patio cuberto de Primaria.

PATIOS

Reparación do areeiro de Ed. Infantil

Realización dun areeiro no patio de Ed. Primaria

EDUCACIÓN FÍSICA

Adquisición de material deportivo para primaria e infantil.

8. MELLORA DAS INSTALACIÓNS

- Sustitución de falsos teitos e luminaria en dúas aulas de primaria ..
- Acondicionamento do invernadoiro e a horta escolar.
- Acondicionamento do patio de Infantil.
- Instalación de chan de cortiza na aula de 6º de infantil (desdoble)
- Pintado das paredes da secretaría.
- Remodelación da sala de Profesores.

INTERVENCIONS PENDENTES/PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO:

- Substitución de falsos teitos e luminarias no corredor da pranta baixa.
- Instalación dun dobre ventanal nunha aula de Primaria.
- Acondicionamento do chan da aula de música e Inglés de primeira planta.
- Instalación de chan de cortiza nunha das aulas de 1º de Primaria.
- Acondicionamento do patio cuberto de Infantil. (Depende da valoración da U.T.)

9. SEGURIDADE NAS INSTALACIONES

Continuamos co servizo do Concello de custodia de chaves e acuda ante alarma coa empresa EULEN-Seguridad.

O Plan de Autoprotección dos Centros Públicos debería estar redactado e avaliado polos técnicos correspondente da Consellería: (arquitectos, protección civil, etc.) e non ser un documento que se encargue a súa confección/redacción a dirección dun Centro sen outro asesoramento.

Solicitamos da Consellería de Educación e do Concello a revisión das medidas de seguridade no Centro:

- Estudio/Adaptación do Centro para acceso de persoas con dificultades motoras.
- Revisión de materiais e construción non axeitados para centros educativos: substitución do teito do patio cuberto, falsos teitos en fibra de vidro, esquinas de columnas e tabiques sen protección, pisos antideslizantes, etc.
- Revisión dos parques e lugares de xogos para alumnado de educación infantil e alumnado de primaria.
- Sustitución de teitos e fiestras.

10. PLANS DE TRABAJO DO CLAUSTRO

Os plans de traballo previstos na PXA, nalgúns ocasións tiveron que verse modificados , por necesidades ou imprevistos xurdidos no discorrer do curso, o que alterou, ás veces, o funcionamento das dinamizacións ou equipos docentes de traballo, que tiveron que reunirse, extraordinariamente, noutros momentos.



PLAN DE TRABAJO SETEMBRO

XOVES 5.-

10,30h. CLAUSTRO ORDINARIO.

MARTES 17.-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN DINAMIZACIÓNS.

5,45h, ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 24.-

4.15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN CCP.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.



PLAN DE TRABAJO OUTUBRO

MARTES 1.-

REUNIÓN INICIO DE CURSO PRIMARIA:

4,30h----- 1º e 3º.

5,30h-----2º e 4º.

6,30h-----5º e 6º.

MARTES 8 .-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN.

MARTES 15 .-

4,15h. CLAUSTRO PXA.

5,30h. CONSELLO ESCOLAR PXA.

MARTES 22 .-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN CCP.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 29 .-

4,15h.REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.



PLAN DE TRABAJO NOVIEMBRE

MARTES 5.-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. COORDINACIÓN EQUIPOS DOCENTES.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

MARTES 12 .-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 19 .-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. EQUIPO DE EXTRAESCOLARES.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 26.

4,15H.REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN CCP.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.



PLAN DE TRABAJO DECEMBRO

MARTES 3.-

4,25h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 11.-

4, 15 .AVALIACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL.

5,45h. AVALIACIÓN 1º PRIMARIA.

6,15h. AVALIACIÓN 2º PRIMARIA.

MARTES 17 .-

4,15h. AVALIACIÓN 3º PRIMARIA.

4,45h. AVALIACIÓN 4ºPRIMARIA.

5,30h. AVALIACIÓN 5ºPRIMARIA.

6,00h. AVALIACIÓN 6º PRIMARIA.



PLAN DE TRABAJO XANEIRO

MARTES 14.-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN EQUIPOS

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 21.-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 28.-

4,15h. CLAUSTRO CONTAS.

4,45h. CONSELLO ESCOLAR CONTAS.



PLAN DE TRABAJO FEBREIRO

MARTES 4.-

4,15h REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 11.-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN DINAMIZACIÓNS.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

MARTES 18.-

4,15h. REUNIÓN XERAL.

4,45h. REUNIÓN CCP.

5,45h. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.



PLAN DE TRABAJO MARZO

MARTES 10

- 16:15 REUNIÓN XERAL
- 16:45 EQUIPOS DOCENTES
- 17:45 ATENCIÓN FAMILIAS

MARTES 17

- REUNIÓN XERAL

MARTES 24

- EQUIPOS DOCENTES

VENRES 27

- REUNIÓN XERAL

LUNS 30

- 16:15 AVALIACIÓN PRIMARIA: 1º/2º.
- 17:45 AVALIACIÓN PRIMARIA: 3º/4º

MARTES 31

- 16:15 AVALIACIÓN PRIMARIA: 5º/6º
- 17:45 AVALIACIÓN INFANTIL 6ºA/6ºB. 5º/4º



PLAN DE TRABAJO ABRIL

MARTES 7

- 16:15 REUNIÓN XERAL
- 16:45 REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES

MARTES 21

- 16:15 REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES

VENRES 24

- 16:30 REUNIÓN XERAL

MARTES 28

- 16:30 REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES

XOVES 30

- 16:30 REUNIÓN XERAL



PLAN DE TRABAJO MAIO

MARTES 5

- 16:30 REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES

VENRES 8

- 16:30 REUNIÓN XERAL

MARTES 12

- 16:30 REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES
- 17:30 DINAMIZACIÓNS

VENRES 15

- 16:30 REUNIÓN XERAL

MARTES 19

- 16:30 REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES

VENRES 22

- 16:30 REUNIÓN XERAL

MARTES 26

- 16:30 REUNIÓN EQUIPOS DOCENTES



PLAN DE TRABAJO XUÑO

MARTES 2

- 16:30 REUNIÓN XERAL

LUNS15

- 10:30 AVALIACIÓN 1º PRIMARIA. 6ºA/6ºB/5º/4º INFANTIL

MARTES 16

- 10:30 AVALIACIÓN PRIMARIA 2º/3º/4º/5º/6º.

-

VENRES19

- 10,30 REUNIÓN XERAL.

MARTES 23

- 11:00 CLAUSTRO .

MARTES 30

- CONSELLO ESCOLAR.

11. LIBROS DE TEXTO. CURSO 2018- 2019

1º CURSO DE PRIMARIA

L. CASTELLANA	Cadernos Pauta “Saber hacer contigo” SANTILLANA (1º, 2º,3º trimestre)	978-84-680-4345-6 978-84-680-4347-0 978-84-680-4349-4
MATEMÁTICAS	Cadernos Matemáticas 1 “Saber hacer contigo” SANTILLANA Mochila ligera	978-84-680-4353-1 978-84-680-4350-0 978-84-680-4357-9
LINGUA GALEGA	LINGUA + 1º Primaria SANTILLANA	978-84-9972-931-2
LINGUA INGLESA	STUDENT’S GO! 1 RICHMOND SANTILLANA	978-84-668-2920-5
CIENCIAS NATURAIS	Learning Lab 1 RICHMOND SANTILLANA	978-84-141-11191-8

2º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA CASTELLANA	Lecturas 2 ”12 Sorpresas”. Primaria SM	978-84-675-7913-0
MATEMÁTICAS	Cadernos Matemáticas 1 SANTILLANA	978-84-680-4352-0 978-84-680-4531-3 978-84-680-4539-9
LINGUA GALEGA	LINGUA + 2º Primaria SANTILLANA	978-84-9972-776-9
LINGUA INGLESA	Student’s Book. GO! 2 Richmon Santillana	978-84-668-2624-2
CIENCIAS NATURAIS	LEARNING LAB 2 RICHMOND SANTILLANA	978-84-141-1193-2
MÚSICA	Caderno 2 Primaria “Os camiños do saber”	978-84-9972-091-3

Obradoiro Santillana

3º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA CASTELLANA	LENGUA 3 PRIMARIA. “SAVIA”. (trimestral) S.M.	978-84-675-6995-7
LINGUA INGLESA	STUDENT’S BOOK. BEEP 3 RICHMOND SANTILLANA ACTIVITY BOOK. BEEP 3	978-84-668-1010-4 978-84-668-1011-1
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 3. SABER HACER SANTILLANA	978-84-680-1286-5
C.SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 3º PRIMARIA. CELME S.M.	978-84-985-4426-8
C.NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA 3º PRIMARIA. CELME S.M.	978-84-985-4427-5
MÚSICA	Caderno 3 P. “Os camiños do saber” Obradoiro Santillana	978-84-9972-188-0

4º CURSO DE PRIMARIA

L.CASTELLANA	LENGUA 4. PRIMARIA.“Savia_15”.Trimestral S.M.	978-84-675-7538-5
L. INGLESA	STUDENT’S BOOK. BEEP 4 RICHMOND SANTILLANA ACTIVITY BOOK . BEEP 4	978-84-668-1422-5 978-84-668-1458-4

MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 4. "Proxecto Saber Hacer". SANTILLANA	978-84-830-5609-7
C.SOCIAIS	4º P. CIENCIAS SOCIAIS integrado. CELME 15 S.M.	978-84-985-4527-2
C.NATUREZA	4º P.CIENCIAS DA NATUREZA integrado. CELME 15 S.M.	978-84-985-4528-9
MÚSICA	Caderno Música 4 Primaria."Os camiños do saber" Santillana	978-84-9972-193-4

5º CURSO DE PRIMARIA

L.CASTELLANA	Lengua 5. Aprender es crecer ANAYA	978-84-678-3292-1
L. GALEGA	Lingua 5 Primaria. Saber facer SANTILLANA	978-84-997-2216-0
LINGUA INGLESA	BEEP 5º STUDENT'S BOOK . "BEEP 5" RICHMOND	978-84-668-0278-9
ACTIVITY BOOK	."BEEP 5" RICHMOND SANTILLANA	978-84-668-0858-3
MATEMÁTICAS	Matemáticas 5. Saber hacer SANTILLANA	978-84-680-1066-3
C. SOCIAIS	Ciencias Sociais 5. Celme (Ezequiel Parra e outros) SM	978-84-985-4428-2
CIENCIAS DA NATUREZA	Ciencias da Natureza 5. Celme SM	978-84-985-4424-
Música	Melodía 5 Caderno de traballo Ed. Galinova	978-84-9737-226-8

6º CURSO DE PRIMARIA

LENGUA CASTELLANA	Lengua 6. Aprender es crecer ANAYA	978-84-698-0652-4
LINGUA GALEGA	Lingua 6 Primaria. Saber facer SANTILLANA	978-84-997-2497-3
LINGUA INGLESA	BEEP 6º STUDENT'S BOOK . "RICHMOND SANTILLANA	978-84-668-1531-4
ACTIVITY BOOK	."BEEP 6" RICHMOND SANTILLANA	978-84-668-2863-7
MATEMÁTICAS	Matemáticas 6. Saber hacer SANTILLANA	978-84-680-3033-3
CIENCIAS SOCIAIS	Ciencias Sociais 6. Celme SM	978-84-985-4530-2
CIENCIAS DA NATUREZA	Ciencias da Natureza 6. Celme SM	978-84-985-4560-9

12. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

- COMEDOR ESCOLAR

O servizo de comedor sigue a cargo da empresa ARUME . Según a nova normativa vixente os usuarios deben ser socios da ANPA

O prezo do menú para os **comensais fixos** é de:

- 5 días semanais..... 58 €/mes
- 4 días semanais 47 €/mes
- 3 días semanais..... 37 €/mes
- 2 días semanais..... 26 €/mes
- 1 día semanal15 €/mes

Baremo mensual

- 6 euros para esporádicos.

Faráselle entrega a todos os pais o Regulamento de Comedor no que figuran todas as normas a cumprir polos seus usuarios, así como folla de compromiso a principio de curso.

É moi importante que todos os pais lean este documento para evitar problemas de disciplina.

Tamén queremos destacar a importancia que ten que todos os pais entreguen as autorizacións de recollida dos nenos , e os teléfonos de contacto actualizados , para evitar problemas maiores.

TRANSPORTE ESCOLAR

Funcionaron tres autobuses pertencientes a dúas empresas de transporte que cubriron as tres liñas autorizadas no noso centro: Garrida, Sobreira e Zamáns. Sen incidencias reseñables e boa coordinación co colexio tanto nas liñas regulares como nas saídas extraescolares.

ANEXOS

Memorias Equipos Docentes

A1. MEMORIA EDUCACIÓN INFANTIL

No curso 2019/2020 funcionaron catro aulas de Educación Infantil con catro profesoras definitivas e unha provisional, unha delas realizando as seguintes funcións:

- De apoio dentro das aulas de Infantil.
- Impartir algunhas sesións de Psicomotricidade en dous niveis de Infantil e unha sesión semanal de filosofía emocional, tamen en dúas aulas de Infantil.
- Impartir algunha sesión de Tics. e algunha sesión da hora de lectura nos niveis de infantil que lle permitía o horario.
- Apoio a dirección.
- Equipo de Ciclo de Educación infantil.

Coordinadora: M^a Dolores Puga Portabales. 6^ºA

Concepción Martínez Martí. 4^º

Lorena Estévez Álvarez. 5^º

Noela Cameselle Vila. 6^º B

Ana M^a Fernández Benítez. Apoio, Tic, Filosofía

Lara Paniagua Pérez (sust.)

ALUMNADO

Este curso tivemos dúas unidades de 6^º de Infantil debido ao peche da EI de Zamáns, cuxo alumnado está adscrito ao noso centro.

No curso de 4^º de Infantil temos un alumno con TEA que contou cunha coidadora asignada dado o seu escaso nivel de autonomía persoal. Tamén recibiu apoio por parte da mestra de PT. En xeral fixo unha boa adaptación ao grupo - clase grazas a estes apoios que permanecerán o vindeiro curso.

Nos cursos 5^º e 6^ºA e B de Infantil levouse a cabo un desdoblamento do grupo-clase, nalgunhas sesións de Tics e filosofía emocional, mentras que en 4^º o desdoblamento fíxose en Psicomotricidade e Tics, valorando moi positivamente este recurso.

Un alumno de 5º e 9 alumnos de 6º Nivel recibiron apoio de A.L. para mellorar as súas dificultades de articulación. Todos os alumnos que recibiron apoio de AI en Infantil seguirán en revisión o curso que ven para ver a evolución.

O alumnado acadou sen problemas os obxectivos mínimos do curso, tanto en adaptación como en contidos.

PLURILINGÜÍSMO

Seguimos a considerar que o dominio dunha lingua está baseado na inmersión da mesma . A isto contribue, ademais doutros factores externos, o tempo que se lle asigne. Tempo que, no noso caso, é inversamente proporcional ao aumento da súa implantación noutros cursos porque seguimos tendo o mesmo material humano para levalo a cabo.

Volvemos a resaltar positivamente a aportación do axudante de conversa, orixinario dos E.E.U.U.

A valoración desta experiencia segue a ser moi positiva e mesmo sorprendente polo nivel de comprensión oral alcanzado por todos os cativos.

EDUCACIÓN MUSICAL

Este curso o alumnado de Educación Infantil poido desfrutar dunha sesión de música impartida pola profesora especialista do centro.

A experiencia segue a ser moi gratificante e altamente positiva, e non hai mellor proba que as gañas con que o alumnado esperaba tal sesión.

Esperamos que o vindeiro curso sexa posible a súa continuidade.

FILOSOFÍA EMOCIONAL

Ao longo do curso o alumnado de 5º e 6º de Infantil tivo asinado no seu horario unha sesión semanal de filosofía emocional. Nestas sesións estivemos a traballar diferentes aspectos: **IDENTIFICAR EMOCIÓN**S . Identificamos o que sentimos no corpo, o que pensamos cando sentimos cousas diferentes, o que provocan os nosos sentimentos...Deste xeito os rapaces xa teñen un vocabulario emocional axeitado.

O MUNDO INTERIOR .Falamos da importancia de coñecer o que pasa dentro do noso corpo. Este é o lugar onde viven os sentimentos e as emocións. O noso mundo interior cambia en función das cousas que vivimos e non é doado ter sempre calma e sentirse positivo.

CONTOS. Diversa bibliografía relacionada coas habiliaddes de pensamento e coa intelixencia emocional. (O monstro de cores, Así es mi corazón, etc.)

REGULACIÓN EMOCIONAL.A regulación emocional é a capacidade de manexar as emocións de forma apropiada.

RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS (relaxación e autocontrol).

MINDFULNESS. Atención plena, adestrar a mente para ter atención nun foco. Descubrir que os nosos actos proveñen dos nosos impulsos e aprender a observalos e dominalos.

OUTRAS ACTIVIDADES

Este curso o Ciclo de Educación de Infantil, ademais de sumarse ás actividades que tiveron lugar no centro , o noso equipo de Infantil desenvolvimos as seguintes actividades :

-Actividades en común

Para o Ciclo de Infantil, aínda que foron programadas para ser levadas a cabo por trimestres, algunhas sufriron variacións e houbo que pospoñelas ou facelas noutro momento, por motivos de cumprimento das actividades propias de todo o Centro e polas inclemencias do tempo.

As clases de 5º e 6º de Infantil, participaron nunha experiencia de HORTA ESCOLAR, cun monitor que acudiu varias veces o centro para realizar diferentes actividades relacionadas coas plantas e o seu cultivo.

Ao igual que nos cursos precedentes, todo o Ciclo de Infantil, mestres e alumnado, participou nas actividades colectivas do colexio: Magosto, Samain, Halloween, padriños escritores da carta aos Reis Magos, Nadal, Día dos Dereitos do Neno Día da Paz, Día de Rosalía e o Día contra a violencia de xénero. Debido ao confinamento non foi posible festexar nin o Día do Libro, nin a semana da Poesía e da Prensa , nin tampouco a Semana das Letras Galegas e as celebracións de Fin de curso. As actividades sobre a Poesía, o Día do libro e as Letras Galegas puxéronse na web e a participación dos alumnos foi telemática. Nalgúns destes eventos algunhas das familias de Infantil tiveron unha intervención directa. Nas catro aulas colaboraron en diferentes actividades, plásticas, contacontos... as familias dos nosos alumnos. Valorando moi positivamente estas experiencias e esperando continuar nos vindeiros cursos.

Un agradecemento á colaboración das familias.

SAÍDAS

Procuramos aproveitar todas aquelas que eran gratuitas, e entre estas están as que se ofertaban desde o Concello. O resto das visitas tivemos que seleccionalas, xa que, ademais de ter que facer unha aportación mínima por centro ou por alumno, precisamos facer os desprazamentos en autobús o que encarece moitísimo calquera actividade: “Festa de Nadal no C.C.V. Valadares“ e “Fundación ABANCA o Teatro dúas veces ao longo do curso.

Cara ao vindeiro curso precisamos fixar un máximo de saídas para as que requiran un esforzo económico.

MOBILIARIO E EQUIPAMENTO

O equipamento en Educación Infantil é mellorable, tanto polo desgaste do mobiliario que ten moitos anos , como polo feito de que non é axeitado para traballar cos alumnos de 6º ,debido a que as veces os cadeiras e as mesas son pequenas. Este ano equipouse a clase de 3 anos con mesas e sillas novas aportadas pola Xunta. Tamén habilitouse unha segunda aula de 6º con material procedente do peche da aula da EI de Zamáns.

Cada aula conta cun radio-cd ,cun ordenador con conexión a Internet, cun proxector e unha pizarra branca. Nas dúas aulas de 6º temos ademais cadanseu EDI, tendo o obxectivo de dotar no seguinte curso outra das aulas ata acadar a totalidade da aulas con EDI.

No relativo aos espazos comúns temos a reforma da aula de Psicomotricidade que quedou como aula multiusos xa que conta cunha pizarra dixital e ordenador , ademáis do material propio de Psicomotricidade. Con respecto ao patio de Infantil seguir insistindo ao Concello para que doten de máis elementos de patio. Por outra parte solicitouse ao Concello e á Consellería unha ampliación do patio cuberto debido ao aumento da matrícula.

RELACIÓN COAS FAMILIAS

Como en cursos anteriores a primeira toma de contacto coas familias fíxose na reunión de pais/nais do inicio de curso, na que se lles entregaron documentos informativos sobre a primeira entrada no cole e breves consellos para traballar na casa para favorecer o proceso de adaptación dos nenos..

No 4º Nivel de Infantil (3 anos)do curso 2019-20 estableceuse un horario de inicio de curso acorde co período de adaptación necesario neste nivel.

Ao longo do curso o contacto coas familias concretouse en reunións colectivas trimestrais e entrevistas individuais, estas últimas a petición dos proxenitores ou cando o requería a propia titora.

A colaboración das familias con Infantil foi, en xeral, moi boa, contribuindo á óptima adaptación dos cativos e á eficaz resolución de problemas puntuais.

VALORACIÓN XERAL DO CURSO

A partir do 16 de Marzo implementáronse mecanismos de comunicación co alumnado e as súas familias para continuar coa docencia por vía telemática. Cada grupo - clase organizou a través do webex e o correo electrónico as propostas de traballo axeitadas á idade dos alumnos. A través da web fixéronse propostas colectivas como o contacontos dos martes e os venres nos que participaron todas as mestras do ciclo. Relacionado co PFPP de Aprendizaxe cooperativa, realizamos a proposta das Páxinas amarelas, unha actividade na que os alumnos compartían cos compañeiros diversas actividades manuais que subiamos á web para que o resto dos

alumnos as fixeran nas súas casas. En xeral as propostas colectivas tiveron moi boa acollida e houbo moita participación por parte dos nenos, que é como dicir por parte das familias xa que, debido á súa curta idade, os nosos alumnos precisaron da axuda dos adultos. A nosa valoración do traballo realizado na casa é positiva porque a implicación das familias foi moi alta. Pola nosa parte estivemos moi pendentes dos aspectos emocionais desta experiencia tan dura, procurando manter un contacto estreito utilizando todo tipo de recursos desde videoconferencias ata videochamadas usando o whats app. Tamén para nós como mestras foi moi importante e valioso manter esta relación fluida e satisfactoria.

Destacar a colaboración das familias co centro tanto en aspectos educativos como nas actividades relacionadas coas festas e celebracións. Especial mención á ANPA por ter en conta as necesidades do noso alumnado.

Moi importante a mestra de apoio en Infantil que permitiu ampliar as actividades grupais programadas para este curso e xa mencionadas no apartado _outras actividades.

Consideramos que temos que seguir traballando nesta liña de coordinación co profesorado e coa axuda potencial de moitos pais e nais de cara a acadar os mellores resultados posibles.

Valoramos positivamente as sesións de Inglés co proxecto de Plurilingüismo e as sesións de música impartidas pola especialista .

A2-COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Fixéronse cinco reunións da comisión de coordinación pedagóxica da que forma parte a totalidade do claustro.

- Tratar diversos temas que foron xurdindo relacionados coa organización, a metodoloxía, a adquisición do material, a programación de actividades tanto dentro como fóra do centro.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos niveis.
- Fixáronse as datas de celebración das reunións cos pais/nais/titores de principio de curso, así como as directrices xerais para levalas a cabo.
- Revisáronse os apoios e reforzos ao alumnado que estaban recibindo o curso pasado e decidíronse os novos casos ..
- Tratáronse diversos temas relacionados coa convivencia e tomáronse as medidas oportunas nas que interveu todo o profesorado.
- Axenda escolar: empregamos unha axenda escolar, para comunicar ás familias novas, comportamentos...
- Reunións colectivas: fixemos unha ao inicio do curso, para informar a nivel xeral, metodoloxía, normas da aula, obxectivos...
- Reunións individuais: Os martes de 17:45h a 18:45h, os mestres atendimos aos pais/nais que o solicitaron ou que foron chamados polo profesorado
- Revisión da concreción curricular do PE para mellorar a secuenciación de contidos ao longo da Primaria.

PROPOSTAS DE TRABAJO PARA O CURSO 2020/21

- Revisar as programacións e introducir mellores estratexias de adaptación aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos, baseadas na aprendizaxe cooperativa e propostas inclusivas.
- Establecer un calendario de reunións de coordinación entre os niveis consecutivos de Infantil e Primaria para poñer en común as programacións adaptadas como consecuencia da pandemia.
- Detectar ao alumnado con dificultades emocionais derivadas da situación excepcional vivida neste curso e elaborar un plan de apoio tanto individual como colectivo.

A3. MEMORIA DE 1º DE PRIMARIA

- **Titora:** Mónica Rodríguez Ces
- **Lingua inglesa:** María Sendón Lestón
- **Música:** Mariana Covelo Figueiredo
- **Educación Física:** Guillermo Reinaldo Barcia
- **Relixión:** Ana Rúa Rodríguez
- **PT:** Caridad Senra Gómez
- **AL:** Paula Davila Fernández
- **Orientadora:** Gloria García Fernández

O nivel de 1º de educación primaria estivo formado por 18 alumnos e alumnas: 9 nenas e 9 nenos, tres procedentes da Escola de Educación Infantil de Zamáns, unha procedente da EEI Monte do Alba (repetite curso), un do CPR Andersen e un é repetidor de 1º do noso centro.

En liñas xerais, o traballo e o rendemento do grupo de 1º foi bo ao longo de todo o curso, aínda que tivemos que facer un gran traballo de cohesión grupal debido á cantidade de alumnado novo.

O primeiro trimestre estivo marcado polas dificultades de adaptación dun alumno procedente da EEI de Zamáns con problemas de adaptación e unha situación grave de ansiedade que se traducía en actitudes violentas hacia os seus compañeiros e hacia o profesorado. Vimos necesaria a creación dun sistema de gardas permanente no que se implicou todo o profesorado e unha alerta cun timbre de chamada para recibir apoio dentro da aula e, en caso necesario, apartar ao alumno do resto de compañeiros para levalo á aula de convivencia habilitada para estes casos. A partir de mediados de novembro mellorou a situación, o alumno comezou a recibir axuda psicolóxica, foi valorado polo Equipo Específico de Conduta e actualmente está a espera de consulta por parte dun especialista en neuropsiquiatría.

Recibiron apoio por parte da mestra de audición e linguaxe cinco alumnas/alumnos, pendentos de revisión no comezo do próximo curso.

Recibiron apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica dous alumnos fora da aula desde o primeiro trimestre, e coa titora en dúas sesións de ciencias en galego (en lugar de recibilas en inglés). Destes casos, unha alumna ten diagnosticada unha discapacidade do 33% (promociona por imperativo legal con 6 materias suspensas e o vindeiro curso faráselle una ACI) e o alumno que repite ten as Matemáticas como materia pendente.

Todos os alumnos promocionan a 2º.

Neste curso continuamos coa Aprendizaxe cooperativa e participamos nas actividades propostas polos equipos de dinamización do centro: Biblioteca, Convivencia, TICs, EDLG...así coma nas festas e celebracións: Magosto, festival de Nadal, día da Paz, entroido.

Actividades complementarias

- Concerto didáctico no Centro Veciñal e Cultural de Valadares.
- Natornova “Do Universo á Terra, un planeta con vida”.
- Teatro Afundación “A nena e o grilo máis aló” Magín Blanco.
- Sonoro Empeño: As catro estacións das arte e a música.
- Auditorio Municipal “4 monos” A tropa de Trapo.
- Teatro Afundación “Safari” La Baldufa Companyia de Comediantes”
- Concello de Vigo. Charla no Centro “Vigo Recicla” (no centro)

A partires do 16 de marzo continuouse coa docencia a distancia na que todos estivemos conectados a través das videochamadas por Webex, facendo as tarefas que se publicaron diariamente na páxina web do centro (salvo ao principio que dúas alumnas sen conexión recibiron as tarefas por correo ordinario), e coas familias por correo electrónico, AbalarMóbil e titorías telefónicas.

Propostas de mellora

- Incentivar o emprego da lingua galega tanto nas actividades propias da materia como noutras cotiás.
- Coordinarse cos mestres / mestras especialistas para unificar criterios.
- Seguir coas estratexias que sigan mellorando a cohesión de grupo de maneira que facilite a resolución de conflitos dentro da aula.

A4. MEMORIA DE 2º DE PRIMARIA

- **Titora:** Ana Aballeira Villanueva
- **Lingua inglesa:** María Sendón Lestón
- **Música:** Mariana Covelo Figueiredo
- **Educación Física:** Guillermo Reinaldo Barcia

- **Relixión:** Ana Rúa Rodríguez
- **PT:** Caridad Senra Gómez
- **AL:** Paula Davila Fernández
- **Orientadora:** Gloria García Fernández

O nivel de 2º de Educación Primaria estivo formado por 20 alumnos e alumnas: 11 nenas e 9 nenos, sendo unha delas nova este curso no Centro.

En liñas xerais, o traballo e o rendemento do grupo de 2º foi bo ao longo de todo o curso, aínda que tivemos que axudar a resolver múltiples conflitos que xurdiron durante a 1ª avaliación. Ademáis os diferentes niveis do alumnado e as necesidades específicas motivaron unha evolución moi dispar dentro do que corresponde a este curso.

Revisado o alumnado ao principio de curso recibiu apoio por parte da mestra de audición e linguaxe un alumno, pendente de revisión no comezo do próximo curso.

Recibiron apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica tres alumnos e alumnas dentro da aula.

Recibiron reforzo por parte dun mestre dúas sesións semanais todos os alumnos e alumnas do curso no afianzamento das aprendizaxes adquiridas.

A totalidade do grupo promociona ó 3º nivel, unha alumna cunha materia pendente.

A nivel emocional, procuramos favorecer a autoconfianza e o desenvolvemento de habilidades sociais na resolución de conflitos debido aos múltiples xurdidos na metade da 1ª avaliación. Ademáis intentamos durante o confinamento informarnos das súa situación e animalos chamándoos, facendo reunións semanais de videochamadas pola aplicación Webex ou a través de mensaxes de voz aos teléfonos móbiles das familias.

A nivel curricular, démoslle prioridade á linguaxe oral e á comprensión lectora. Achegámonos á tipoloxía de textos dende a súa función social e insistimos na adquisición de vocabulario e na conciencia léxica. Durante o confinamento priorizamos a xeneralización e afianzamento das aprendizaxes adquiridas e a motivación propoñendo actividades que os e as ilusionaran a realizalas.

Tentamos atender ás necesidades de índole persoal e curricular que foron xurdindo ó longo dos dous trimestres do curso e mantivemos relación co equipo de orientación que comezou a facer un labor específico tratando de resolver conflitos a niveis emocionais e curriculares dalgún alumnado do grupo que quedou inacabado debido ás múltiples necesidades do Centro e ao confinamento pola pandemia mundial. Mantivemos unha estreita coordinación co profesorado especialista e a mestra que compartía materias para compartir información e necesidades do alumnado.

A comunicación coas familias realizouse a través da reunión inicial, sesións de titorías, axenda escolar e comunicacións escritas. Considerámola moi positiva para coñecer ó alumnado e colaborar nas súas necesidades. A partir do confinamento a comunicación coas familias foi telefónica, por correo electrónico e pola aplicación móbil WhatsApp. Agradecemos

enormemente a plena disposición da maioría das familias tanto na situación ordinaria coma durante a excepcional do confinamento das que recibín da maioría unha información puntual tanto das tarefas coma da situación emocional das nenas e nenos da clase.

Participamos nas actividades propostas polos equipos de dinamización do centro: Biblioteca, Convivencia, TICs, EDLG...así coma nas festas e celebracións: Magosto, festival de Nadal, día da Paz, entroido, día de Rosalía, día da poesía, etc.

Adicamos 20' diarios á lectura na sesión diaria do plan lector con actividades de lectura individual, colectivas de libros da biblioteca do centro e a presentación de novidades literarias e libros favoritos do alumnado traídos ao Centro para tal fin.

Actividades complementarias

- Naternova “Do Universo á Terra, un planeta con vida”.
- Teatro Afundación “A nena e o grilo máis aló” Magín Blanco.
- Sonoro Empeño: As catro estacións das arte e a música.
- Auditorio Municipal “4 monos” A tropa de Trapo.
- Teatro Afundación “Safari” La Baldufa Companyia de Comediantes.

Visitas no centro

- Concello de Vigo. Charla no Centro “Vigo Recicla”.
- Concello de Vigo. Charla Igualdade.

Propostas de mellora

- Seguir incentivando o emprego da lingua galega tanto nas actividades propias da materia como noutras cotiás.
- Seguir coas estratexias que faciliten a resolución de conflitos dentro da aula e a atención da situación emocional dalgún alumno e alumna.

A5. MEMORIA 3º DE PRIMARIA

Este ano cursaron terceiro de primaria 23 alumnos: 12 nenas e 11 nenos.

A totalidade do grupo promociona ó 4º nivel.

O profesorado que incidiu no curso foron:

- O titor: Víctor Gallego Bernárdez

Outros profesores:

- Lingua inglesa: Itziar Arenas Villarroel
- Educación Musical: Mariana Covelo Figueiredo
- Educación Física: Guillermo Reinaldo Barcia
- Relixión: Ana Rúa Rodríguez

- PT: Caridad Senra Gómez
- AL: Paula Davila Fernández
- Orientadora: M^a Gloria García Fernández

A comunicación coas familias realizouse a través dunha reunión inicial, sesións de tutorías, aplicación dixital e axenda escolar.

Considerámola moi positiva para coñecer ó alumnado e colaborar nas súas necesidades. Agradecemos a súa disposición.

1 alumna e 2 alumnos recibiron apoio da especialista en P.T, 2 alumnos en A.L durante todo o curso. Ademáis había apoio individualizado da titora de 4º, dúas sesións semanais durante o 1º 2º trimestre en horario de matemáticas e lingua galega.

A nivel xeral podemos afirmar que o grupo de 3º de Educación Primaria traballou de modo satisfactorio ao longo de todo o curso, aínda que houbo algúns alumnos/as que mostraron unha actitude pouco receptiva para a súa aprendizaxe, non realizaron as tarefas e mantiveron unha atención bastante dispersa polo que, o seu rendemento non foi todo o alto que cabía esperar.

Tamén se detectaron dificultades lectoescritoras no caso dun rapaz a que se solicitou valoración neuropsiquiátrica, xa que presenta evidentes problemas de dislexia.

Ademáis tamén se detectou un rapaz con evidencias de Trastorno por déficit de atención e se solicitou valoración.

Co cambio de metodoloxía hacia eles houbo un cambio positivo, aínda que non se puido rematar o seguimento destes 2 alumnos na clase pola detención das mesmas polo covid-19 a partir do 16 de marzo.

Cabe destacar a gran motivación, rendemento e actitude da clase en xeral, e o bo ambiente entre todos o alumnado.

Participamos activamente nas actividades propostas polos equipos de dinamización do centro: BIBLIOTECA, CONVIVENCIA, EDLG...

Adicamos 20' diarios á lectura na sesión diaria do plan lector con actividades de lectura individual, colectivas de libros da biblioteca do centro, a presentación de novidades literarias e actividades de creación literaria.
Asistimos unha sesión semanal á aula de informática e una sesión a horta.

A partir do 16 de marzo tivemos que traballar telematicamente co alumnado pola situación de emerxencia creada polo covid-19.

En xeral os alumnos e alumnas traballaron satisfactoriamente e fixeron as tarefas, ademáis de videochamadas dende a plataforma, Cisco Webex.

De xeito experimental, traballamos con tablets da empresa "Snappet" ó final do curso para o traballo na aula o vindeiro curso, obtendo unha valoración positiva por parte da maioría das familias. Queda pendiente de valoración a súa continuidade o longo do curso 2020/2021

A6. MEMORIA 4º DE PRIMARIA

Equipo docente:

- Lingua inglesa: Itziar Arenas Villarroel
- Educación Musical: Mariana Covelo Figueiredo
- Educación Física: Guillermo Reinaldo Barcia
- Relixión: Ana Rúa Rodríguez
- PT: Caridad Senra Gómez
- AL: Paula Davila Fernández
- Orientadora: M^a Gloria García Fernández

Este ano cursaron cuarto de primaria 26 alumnos: 17 nenas e 9 nenos. Ao principio do curso incorporáronse a este nivel tres alumnos novos, procedentes doutros centros, e un neno que repite curso. O grupo aceptounos de bo grado e non houbo conflitos salientables en ningún momento.

A nivel xeral podo afirmar que o grupo de 4º de Educación Primaria traballou de modo satisfactorio ao longo de todo o curso, incluíndo o tempo no que, polas extraordinarias circunstancias vividas, tiveron que facelo dende as súas casas.

Este é un grupo moi variado, no que a diversidade é a tónica xeral. Hai un pequeno grupo moi pouco participativo, retraído e que non se manifesta nunca fronte a outro grupo o que lle costa gardar a quenda de palabra e con frecuencia interfire nas intervencións dos demais. Era un grupo moi numeroso, tres presentan dislexia, un neno con diagnóstico de altas capacidades, un Asperger, unha nena con déficit de atención e un neno repetidor. Por isto, decidiuse facer dous grupos na área de matemáticas dende o inicio de curso e máis tarde en lingua castelá co fin de que tiveran unha atención máis personalizada e igualar as diferenzas.

Así mesmo, recibiron apoio ao longo do curso, das mestras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe. E tamén se fixo seguimento por parte da orientadora e tomáronse diversas medidas con aqueles que tiveron problemas emocionais o de relación. Nalgún caso, o avance foi moi pequeno xa que as familias non colaboraron por distintas razóns. Sen embargo, teño que valorar todas estas actuacións como moi boas e de resultados moi positivos.

Todo o grupo promociona pero unha alumna faino con algunha materia pendente, o que deberá terse en conta para deseñar un plan de reforzo específico.

A7. MEMORIA 5º DE PRIMARIA

Este ano cursaron cuarto de primaria 24 alumnos: 16 nenos e 8 nenas. No grupo contamos con unha alumna repetidora.

O profesorado que incidiu no curso foi:

- **Titoras:** M^a José Sánchez Gutiérrez (titular, 1^a avaliación) e Rosa Ana Rodríguez Santos (substituta, 2^a e 3^a avaliación).
- **Lingua inglesa:** Itziar Arenas Villarroel
- **Música:** Mariana Covelo Figueiredo
- **Educación Física:** Guillermo Reinaldo Barcia
- **Relixión:** Ana Rúa Rodríguez
- **PT:** Caridad Senra Gómez
- **Orientadora:** Gloria García Fernández

A nivel xeral podemos afirmar que o grupo de 5^º de Educación Primaria traballou de modo satisfactorio ao longo de todo o curso, incluso durante o confinamento (dende o 13 de marzo ata fin de curso). Algúns alumnos mostráronse pouco receptivos ante determinadas propostas curriculares, mostrando actitudes contrarias ao traballo en equipo e pouco esforzo na realización das tarefas propostas; aínda así, foron logrando saír adiante con determinados apoios e reforzo, atendendo tamén ás necesidades e características da diversidade da aula.

Dende o punto de vista do traballo diario, foi un grupo moi traballador pero tamén moi falador. Un dos propósitos foi traballar o establecemento de normas claras e crear un ambiente acoledor e de respecto mutuo. Coa axuda do DO e o equipo directivo, tratouse de levar a cabo accións para “facer equipo” e que se respectaran uns a outros, a modo de educación inclusiva.

Hai varios alumnos/as con NEAE: dous con TDA diagnosticada (un deles con medicación e outro con tratamento terapéutico), un con DEA, un con un nivel curricular baixo para o seu curso e tres alumnos/as derivados ao Dpto. De Orientación por presentar características e necesidades que necesitan valoración. Recibiron apoio ao longo do curso por parte da mestra de pedagogía terapéutica os catro primeiros, ao principio fóra da aula e xa na segunda avaliación dentro da aula. Unha alumna acudía tamén media hora á semana a traballar coa orientadora polas necesidades que presentaba. Quedan pendentes os casos derivados para darlle continuidade e atender mellor ás súas necesidades e características.

Todos os alumnos e alumnas deste curso promocionan ao curso seguinte.

Tentouse introducir a metodoloxía cooperativista, podendo establecer só o primeiro paso que, ademais, foi cortado polo confinamento. Até o 12 de marzo, esa era a pretensión. Traballando en equipos diferentes, entregábaselles un organigrama semanal das tarefas a realizar e por equipos ían realizando as tarefas, acompañadas das explicacións pertinentes, e do propio traballo

colaborativo entre os membros de cada grupo. O obxectivo foi que traballasen o máis autonomamente posible coa guía e apoio da mestra, aprendendo a xestionar, organizar e estruturar a súa propia aprendizaxe; isto permitía poder traballar máis a nivel individual e de grupo á mestra.

O 13 de marzo establécese o estado de alarma por Covid-19 e entramos en confinamento nos fogares. O traballo dende entón seguiu un pouco o mesmo organigrama que na clase, con tarefas por áreas, enviadas pola web do centro e por ClassDojo, aplicación que, ademais, permitiu manter contacto coas familias e coas dúbidas do alumnado. Durante o confinamento traballouse só o repaso e reforzo dos contidos dados até o momento do confinamento, propoñendo ademais, actividades de motivación de varios proxectos: Páxinas Amarelas, Día do Libro, experiencias de ciencias, retos...

Dende o mes de xuño comezouse a traballar con Snappet de forma gratuíta e con permiso para usalo ata o 31 de agosto. Decidindo despois, o seguimento ou non da aplicación na metodoloxía da aula.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso participouse en todas as actividades que se propoñen dende o equipo de biblioteca, normalización e convivencia; ademais das charlas sobre diferentes deportes e unha saída á pista de atletismo da UVigo.

DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL

Con respecto a acción titorial dicir que os nenos destas idades precisan unha figura de titor estable posto que ao longo da xornada

A8.-MEMORIA DE CURSO 6º DE PRIMARIA

O curso de 6º de primaria está formado por 17 alumnos/as, dos cales 11 son nenos e 6 nenas. Son un grupo traballador e motivado en xeral. A maioría deles seguiron traballando bastante incluso durante o confinamento.

O feito de non ser un grupo moi numeroso, permitiu a posibilidade de incidir máis en moitos contidos nos que amosaron interese, co beneficio que supón.

Seguise empregando a aprendizaxe cooperativa que axudou a mellorar a cohesión do grupo.

Hai dous alumnos con NEAE, un con TEA e outro con TDH e dislexia; así como un terceiro con

dificultades específicas de aprendizaxe.

Recibiron apoio durante todo curso por parte da mestra de pedagogía terapéutica nas áreas instrumentais

Ao longo do curso participouse en todas as actividades que se propoñen dende os distintos equipos de dinamización : Biblioteca, Convivencia, TICs, EDLG...así coma nas festas e celebracións: Magosto, festival de Nadal, día da Paz, entroido; ademáis das charlas sobre diferentes deportes e saídas complementarias ao teatro AFUNDACIÓN, concerto didáctico da Banda Cultural de Valadares, etc

Promocionan a ESO os 17 alumnos/as, cuns resultados moi bos en xeral, produto dun esforzo global e individual salientables.Só unha das alumnas ten avaliación negativa en algunhas materias. Mantivéronse varias reunións co Departamento de Orientación para facer unha análise do grupo de cara a transmitir a maior información posible do mesmo ao IES VALADARES onde cursaran 1º da ESO o próximo curso

Dende que se decretou o estado de alarma o traballo consistiu en tarefas de reforzo e repaso por áreas, enviadas pola web do centro, realizando unha videoconferencia dende a plataforma, Cisco Webex. por semana para correxir o traballo e resolver dúbidas, ademáis e sobre todo, para manter o contacto co alumnado e tratar de colaborar en manter un bo estado anímico do mesmo.

Dende o mes de xuño comezouse a traballar con Snappet , aplicación que foi acollida de bo grado polo alumnado e que se está empregando en plan experimental co fin de decidir a súa utilización o próximo curso 2020/2021.

A9. MEMORIA DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O proxecto Curricular de Inglés, ademais dos contidos curriculares que traballamos co libro de texto, abrangue unha serie de temas transversais que teñen relación coas celebracións e festas tradicionais da cultura inglesa. O **obxectivo** é motivar aos alumnos no coñecemento da lingua inglesa e achegalos á cultura e tradicións dos países angloparlantes. Xunto co estudo das celebracións coñecen todo o que rodea á festa: vocabulario novo, xogos típicos, gastronomía, cancións, costumes etc... Ademais das celebracións, inclúense tamén outros aspectos de carácter cultural sobre os países de fala inglesa, centrándonos principalmente no Reino Unido e U.S.A. Así, por exemplo estudamos a división política-xeográfica de Gran Bretaña e Estados Unidos, achegándonos ao coñecemento máis profundo dalgunhas das cidades máis importantes. Todo isto supón un punto máis a ter en conta para entusiasmalos e motivalos para a aprendizaxe da lingua inglesa.

Posto que somos conscientes de que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira supón un esforzo grande por parte dos alumnos de estudo persoal e de memorización, principalmente nos cursos máis altos, nas aulas de inglés inténtase compaxinar o estudo e o traballo con actividades

lúdicas nas que se traballan o vocabulario e as estruturas gramaticais curriculares, a base de xogos, cancións, contos, role plays, manualidades...

Por outra banda, posto que o noso centro aposta polas novas tecnoloxías, na aprendizaxe da lingua inglesa, seguimos fomentando tamén o traballo dixitalizado. Aínda así, nin mestres nin alumnado estabamos suficientemente preparados para facer fronte á situación que nos tocou vivir.

Este atípico curso escolar estivo marcado pola circunstancia do confinamento no estado de alerta do COVID19, e obrigounos a toda a comunidade educativa (mestres, alumnos e pais tamén) a facer unha formación intensiva e acelerada no mundo das tecnoloxías informáticas e redes sociais para poder continuar dalgún xeito co curso escolar.

Este curso, como se propuxo na programación Xeral, seguimos coa práctica do aprofundamento e reforzo da oralidade nos cursos de 4º e 6º como materia de “Libre Configuración”. Reafirmamos como moi positiva a experiencia e comprobamos que a seguen acoillendo con entusiasmo e motivación, pois decátanse de que poden empregar a lingua inglesa de xeito lúdico e práctico, como lingua vehicular na realización de tarefas cotiás.

Respecto ás actividades fixadas no currículo sobre **festas e celebracións**, o desenvolvemento das mesmas é semellante ó de cursos anteriores.

A metodoloxía, os obxectivos, as actividades e a dinámica en xeral do traballo das festas e celebracións nas aulas de inglés é común a todas elas, - coas peculiaridades de cada unha-. Todas se traballan no marco da transversalidade e algunhas ademais trascenden a toda a comunidade educativa (alumnos e familias principalmente).

Características xerais:

- Participan todos os alumnos do colexio (dende os de E.Infantil de 3 anos ata os de 6º de Primaria).
- Nalgunhas implicamos ás familias na realización e aportación de materiais ou manualidades (cabazas en Halloween, ovos decorados en Easter, tarxetas, etc)
- Traballamos o vocabulario propio da festividade a través de: cancións, xogos típicos e tradicionais, poemas, manualidades, tarxetas, costumes e tradicións propias.
- Recalcamos as semellanzas e diferenzas entre a nosa cultura e a dos países estranxeiros no xeito de celebrar e vivir as festas (por exemplo, o Samaín, os Reis Magos, etc.).
- Realizamos murais e exposicións conxuntas nas que participa todo o alumnado.
- Empregamos o inglés oral como lingua vehicular na realización de todas estas actividades.
- Integramos o PDI do centro **“DE ARTES E OFICIOS”** nas nosas programacións de aula. Este ano realizamos un mural no que participou todo o alumnado do centro. Traballamos os oficios de xeito oral e escrito en todos os niveis educativos. Cada alumno realizou un traballo plástico no que relacionou unha profesión como expresión de cariño. Con todos estes traballos compuxemos un gran mural baixo o título **“ LOVE CAN BE...”** que se expuxo no corredor de inglés para a celebración de Valentine’s Day.
- Tamén participamos no PFPP de Traballo Cooperativo do centro, integrando esas dinámicas e estruturas cooperativas nas nosas sesións de inglés nos distintos cursos de Primaria (inglés, sociais, naturais, plástica e oralidade)

As festas e celebracións típicas anglosaxonas e americanas que nós celebramos son: **HALLOWEEN, BONFIRE NIGHT, THANKSGIVING DAY, CHRISTMAS, PEACE DAY, VALENTINE’S DAY, EASTER**. Este ano, esta última non foi posible celebrala no cole a causa do confinamento

, **aínda que propuxemos actividades na web para facer na casa para todos os niveis educativos (cancións, contos e manualidades).**

Pola mesma causa tampouco puidemos celebrar o que sería **O SÉPTIMO SOBREIRA SCHOOL ENGLISH FESTIVAL**. Animados polo éxito das experiencias dos cursos pasados, este ano tamén tiñamos planificada a súa celebración. Neste festival, exclusivamente en inglés, participan todos os alumnos do colexio. Cada curso prepara cancións, lecturas, obriñas de teatro, etc... tomando como “leitmotive” un tema diferente cada ano que nalgunhas ocasións relacionamos co PDI do Centro.... Nós seguimos a valorar esta experiencia como moi positiva para o alumnado e para o recoñecemento do centro educativo. Aínda que para as mestras de inglés supón unha sobrecarga importante de traballo, o festival segue a acadar ano tras ano un alto grao de entusiasmo por parte do alumnado e unha excelente acollida por parte das familias, que se mostran sempre moi satisfeitas á vista do nivel de inglés dos alumnos; é por isto que pensamos seguir con este proxecto no próximo curso escolar

PROPOSTAS DE MELLORA

- En vista do acontecido neste curso escolar a raíz do COVID-19 consideramos imprescindible empregar as horas de formación en actividades que nos axuden a facilitar a tarefa ,tanto ó profesorado coma ó alumnado, para poder continuar coas clases a distancia no caso de que volvese a ser preciso.
- Programar “**xornadas da lingua inglesa**” (cancións, representacións teatrais...)
- Intentar programar **apoios en inglés** aos alumnos que máis o necesiten.
- Programar **saídas ou actividades complementarias en inglés aínda que teñamos que buscar o xeito de financiarlas (axuda da ANPA, colaboración dos pais,...).**
- Sempre que sexa posible, por dispoñibilidade horaria e dentro da legalidade, intentaremos **augmentar o horario lectivo en lingua inglesa** (ed. Infantil, apoios, conversa, etc.)
- Dispoñer de máis axuda para poder seguir coa celebración do **Festival de inglés**, que o valoramos moi positivamente posto que é unha actividade que beneficia a todo o colexio.
- Contemplar o **desdoblamento** dos grupos se iso fose posible no centro. Obteríamos un maior rendemento na aprendizaxe se contásenos con grupos máis reducidos (o ideal serían entre 10 e 12 alumnos).
- Solicitar á Administración que as **vacantes** (substitucións, provisionalidades, etc...) nos centros plurilingües, sexan cubertas por profesorado coa titulación necesaria **en inglés**.
- Seguir mantendo ou mellor, se fose posible, **ampliando** a oferta a outros cursos, o **taller de oralidade**.
- Dispor de **máis tempo** para **coordinarnos, elaborar e preparar** recursos para o desenvolvemento do plurilingüismo.

- **Manter o horario** de inglés en E. Infantil de 3 anos.
- Volver a solicitar o curso residencial de actividades de inmersión lingüística para 6º de Primaria para o vindeiro curso 2020-2021.

A10. MEMORIA EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

INTRODUCCIÓN

Ao longo do curso o EDLG desenvolveu diversas actividades colectivas destinadas a favorecer o uso oral e escrito da nosa lingua tanto entre o alumnado como entre o profesorado e o resto da comunidade educativa.

Traballamos en colaboración cos demais equipos docentes, especialmente co equipo de Biblioteca por tratarse do máis próximo en canto a contidos académicos e tamén por estar todo o cole involucrado na súa dinamización e para conseguir un proxecto global.

Coa dinamización de Convivencia, para que todos os lemas escritos e as súas exposicións sexan en galego. Con TICS, para aproveitar os recursos dispoñibles, actualizar a páxina web e así publicar as actividades, enlaces web interesantes para toda a comunidade educativa...

Nestes últimos anos temos constatado a perda do uso do galego entre os máis novos polo que consideramos imprescindible algunhas medidas extraordinarias, ademais das actividades habituais de todos os cursos.

OBXECTIVOS.

- 1.- Promover o uso do galego en todas as actividades colectivas do centro.
- 2.- Empregar o galego sen prexuízos lingüísticos.
- 3.- Mellorar a competencia lingüística do alumnado potenciando o uso do galego como lingua oral nos intercambios informais.
- 4.- Fomentar a lectura de textos en lingua galega.
- 5.- Favorecer o uso do galego en actividades lúdicas e de ocio para normalizar o seu emprego.
- 6.- Revisar e aumentar os fondos bibliográficos e audiovisuais en galego
- 7.- Participar nos proxectos de formación /innovación educativa que convoque a Consellería

PROGRAMAS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA:

- Realización e exposición de Xogos Populares galegos.
- Celebración das festas e acontecementos vencellados á cultura galega: Vendima, Magosto, Día de Rosalía.
- Vendima, na educación infantil con pisada das uvas e merenda cos froitos e froitas do outono.
- Colaborouse con toda a comunidade educativa para a realización de diversas actividades en galego, relacionadas co lema do cole este ano, “Artes e oficos” .
- Celebración do día de Rosalía cunha homenaxe á escritora na que participou todo o colexio. Proxectamos un breve vídeo sobre a súa vida e a continuación cada curso recitou versos, estrofas ou poemas completos da autora, previamente traballados na clase coas titoras. Cada clase escolleu un poema da autora para decorar, aprender e mandar en formato postal aos alumnos do colexio “ Pablo Sarasate” de Móstoles.
- Semana das Letras Galegas: non se puideron realizar as actividades programadas debido ao confinamento. No seu lugar subíronse á web do centro enlaces do Seminario Galán, da Academia da Lingua Galega e outros coma un escape room, sobre o autor homenaxeado. Nos diferentes niveis fixéronse propostas de traballo na casa axeitadas á idade dos nenos.
- Día do libro: a proposta do Equipo de Biblioteca os alumnos enviaron fotos e vídeos do seu libro favorito tanto en galego como en castelán.
- Adquisición de bibliografía dos autores homenaxeados nas Letras Galegas e o Día do Libro
- Actividade “Galegómetro”: con esta actividade tratamos de animar ó noso alumnado a empregar o galego no seu día a día da vida escolar. Este “medidor” do uso do galego levouse a cabo en cada clase e foi regulado polas titoras.

Todas estas actividades realizáronse con éxito o longo do curso así coma outras que se fixeron en colaboración cos distintos equipos docentes (día da muller traballadora, actividades de convivencia, biblioteca,...)

AVALIACIÓN .

Con respecto aos obxectivos de fomento da lingua, consideramos que non foron totalmente acadados, sendo cada vez máis difícil o emprego xeral da lingua galega nas actividades cotiás e de lecer. A nosa proposta como EDLG é facer un programa de “discriminación positiva” para compensar a situación de diglosia que sofre o galego. Concretamente desenvolver cada vez máis actividades, tanto orais coma escritas en galego, tanto académicas como de xogo, agás aquelas que teñan que ser impartidas nas outras linguas do centro.

Moitas das actividades que o Equipo tiñamos planificadas non puideron poñerse en práctica debido ao período de confinamento.

A actividade do Galegómetro resultou positiva en xeral en todos os grupos e os rapaces foron quen de concienciarse da necesidade de empregar o galego e animarse uns a outros chegando nalgúns cursos a normalizalo na realización de diversas rutinas. Plantexámonos continuar con esta actividade e illa ampliando e perfeccionando.

Aínda que cada vez dispoñemos de máis material en galego no centro, consideramos necesario seguir ampliando a dotación de libros en galego, especialmente para as bibliotecas de aula.

EDLG.

Coordinadora: María Sendón Lestón

Ana Abelleira Villanueva

Guillermo Reinaldo Barcia

Concepción Martínez Martí

Cristina Mojón Fernández

A11.- MEMORIA PROFESORADO ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE

Introdución

A aula de Audición e Linguaxe (AL) é un recurso de axuda á integración do alumnado que presenta dificultades na adquisición e desenvolvemento da comunicación e da linguaxe.

Durante o curso 2019-20, a praza de AL no CEIP Sobreira – Valadares continuou sendo itinerante, compartida ca EEI Monte do Alba. Estableceuse que a permanencia no CEIP Sobreira, sendo o centro base, fose de 3 días á semana, correspondéndose con martes, xoves e venres. Ademais, os martes pola tarde.

En canto a intervención, mencionar que as actuacións foron temporizadas e axustadas aos alumnos/as que se atenden dende o Departamento de Orientación, segundo os criterios acadados nas reunións do departamento, sendo modificables ao longo do curso segundo a progresión ou a aparición de novas necesidades.

Destacar que debido a situación extraordinaria vivida neste curso a causa do COVID-19, as intervencións realizadas, así coma, os obxectivos propostos, dende a aula de AL, non puideron acadarse ao completo. Polo tanto, será fundamental avaliar a comezos do vindeiro curso a todos aqueles alumnos/as que recibiron apoio dende a aula de Audición e Linguaxe para valorar as necesidades e así poder dar continuidade ao seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Intervención co alumnado que presentan necesidades educativas na área da comunicación e/ou linguaxe

Durante o curso 2019-2020 recibiron unha atención directa na aula de AL un total de 27 alumnos/as de Educación Infantil (EI) e de Educación Primaria (EP).

Educación Infantil

- **4º EI:** Traballáronse necesidades relacionadas cos catro ámbitos da linguaxe: plano fonético-fonolóxico, plano léxico semántico, plano morfosintáctico e plano pragmático, así coma o desenvolvemento da linguaxe expresiva e comprensiva.
- **5º EI:** Traballáronse aspectos relacionados coa mellora da intelixibilidade da fala.
- **6º EI:** Leváronse a cabo intervencións para a mellora da intelixibilidade da fala.

Educación Primaria

- **1º EP:** Realizáronse intervencións en dislalias, así coma na mellora das habilidades metalingüísticas e da conciencia fonolóxica, no desenvolvemento do proceso lectoescritor, das Funcións Executivas e da competencia lingüística. Ademais, traballouse a linguaxe oral, tanto expresiva coma comprensiva.
- **2º EP:** Leváronse a cabo intervencións en dislalias.
- **3º EP:** Traballáronse aspectos relacionados cas Funcións Executivas e cos catro planos da linguaxe: ámbito fonético-fonolóxico, ámbito semántico, ámbito morfosintáctico e ámbito pragmático, así coma co desenvolvemento da competencia lectoescritora.
- **4º EP:** Traballáronse aspectos relacionados cas Funcións Executivas e cos catro planos da linguaxe: ámbito fonético-fonolóxico, ámbito semántico, ámbito morfosintáctico e ámbito pragmático, así coma co desenvolvemento da competencia lectoescritora.

Obxectivos xerais e programa de intervención no ámbito da linguaxe e da comunicación

A causa da excepcionalidade de este curso académico, os obxectivos xerais e o programa de intervención no ámbito da linguaxe e da comunicación, planificados ao comezo de curso non foron todos acadados. Aínda así, destacar que ata a data da pandemia, os avances foron na maior parte positivos.

Obxectivos xerais:

- Colaborar ca orientadora, titoras e co profesorado na detección de trastornos ou atrasos na comunicación e a linguaxe que presente o alumnado.
- Colaborar ca orientadora na avaliación específica do alumnado con trastornos da comunicación e da linguaxe.

- Colaborar co profesorado, que teña alumnado con dificultades no campo da comunicación e da linguaxe, na busca de estratexias axeitadas para o seu desenvolvemento comunicativo e lingüístico.
- Intervir de forma directa co alumnado que presente trastornos no ámbito da comunicación e da linguaxe oral, de forma individual ou en grupos reducidos, na aula de apoio en coordinación co profesorado das distintas áreas.
- Acadar a máxima coordinación coa orientadora do centro e coa profesora especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Intervir, xunto coa orientadora e os titores, coas familias do alumnado atendido, proporcionándolles información e dándolles pautas de actuación oportunas.
- Favorecer o proceso de inclusión escolar do alumnado.
- Avaliar a efectividade das distintas medidas de atención lingüísticas e comunicativas fixadas e establecer propostas de mellora nos casos que correspondan.

Programa de intervención no ámbito da linguaxe e da comunicación:

- Análise do expediente do alumnado con trastornos ou retrasos na linguaxe e na comunicación.
- Establecemento de contactos coa orientadora e distintos profesores/as do centro.
- Exploración lingüístico-comunicativa do alumnado con necesidades neste ámbito.
- Elaboración e aplicación dun programa de intervención lingüístico-comunicativo.
- Reunións periódicas cos profesionais e as familias.
- Avaliación do programa.

Temporalización

As sesións do alumnado tiveron unha duración de 25-30 ou 45-50 minutos, realizándose de forma individualizada ou en grupos de catro ou cinco alumnos/as como máximo.

Valoración

En canto á valoración deste curso 2019-20, realízase en base aos obxectivos acadados dos propostos no Plan de Apoio, así como dos criterios de avaliación. Como resultado obtéñense as seguintes conclusións:

- En xeral, os alumnos/as, foron evolucionando de forma positiva, en función das súas características e dos seus ritmos de aprendizaxe, aínda que pola situación, non se acadaron todos os resultados esperados.

- Valórase positivamente o traballo realizando cos alumnos/as e a súa participación e motivación na aula de AL, aínda así, mencionar a importancia de manter como punto de referencia o principio de inclusión.

- Realizouse un correcto seguimento do desenvolvemento dos alumnos/as.

Tamén mencionar que a valoración do curso en liñas xerais foi positiva, sendo varios os aspectos que axudaron ao seu desenvolvemento, entre eles:

- A flexibilidade coa que se puido traballar tanto no agrupamento do alumnado como no aumento ou diminución das sesións.
- A colaboración cos mestres/as.
- A boa colaboración e relación co Departamento de Orientación.

Propostas de mellora

Como **propostas de mellora** mencionar a importancia de levar a cabo Programas de Estimulación da Linguaxe Oral nas aulas de 5º e 6º de EI, para a detección e prevención de dificultades do alumnado no ámbito da comunicación e da linguaxe e así, diminuír os casos na etapa de Educación Primaria.

Tamén comentar que é necesario seguir dotando ao aula de AL de material bibliográfico e didáctico, tanto de propia elaboración como comercial, coa fin de dar unha resposta educativa de maior calidade.

Ademais, destacar que sendo unha praza itinerante, estando 3 días no centro, os apoios por parte da especialista de AL non son suficientes. Sería necesario contar cunha xornada a tempo completo para poder ampliar os apoios a todo o alumnado con necesidades e promover unha aprendizaxe baseada nos principios de normalización e inclusión.

Por último, facer mención que debido a excepcionalidade deste curso académico, de cara ao próximo curso será moi importante levar a cabo unha avaliación inicial moi exhaustiva para poder determinar todas as necesidades do centro.

Paula Davila Fernández
(Mestra especialista en Audición e Linguaxe)

A12.- MEMORIA PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

As intervencións con alumnos/as que presentaban necesidades específicas de apoio educativo foi enfocado a mellorar o rendemento escolar dos alumnos/as con dificultades, elaborando estratexias para axudarlles a superalas ou polo menos, minimizalas.

Entre os obxectivos que se traballaron ao longo do curso destacamos os seguintes:

- Traballar os aspectos cognitivos básicos: atención, memoria, razoamento,...
- Traballar a conciencia fonolóxica, aspecto moi importante cara á lectoescritura.

- Mellorar o proceso lectoescritor.
- Mellorar a expresión oral-escrita.
- Aumentar o vocabulario comprensivo e expresivo dentro dunha estrutura morfosintáctica axeitada.
- Favorecer a correcta utilización de recursos lingüísticos (gardar quenda, escoitar cando alguén fala,...).
- Mellorar os conceptos e o razoamento matemático.
- Favorecer un autoconcepto e autoestima axeitados.
- Xeneralizar as aprendizaxes a outros contextos.

A **metodoloxía** empregada tivo un carácter flexible, de maneira que se adaptara aos diversos tipos de aprendizaxes e ás características e necesidades dos alumnos/as; creando un ambiente cálido, afectivo e lúdico que favorezca a motivación e a espontaneidade; evitando facer patentes os seus erros de maneira insistente. E sempre reforzo positivo.

En xeral, aínda que a **evolución** foi positiva e satisfactoria, sería convinte continuar traballando todos os aspectos anteriormente citados cara ao curso que ven nos alumnos/as que deben continuar co apoio.

Recursos

- Material de manipulativo para traballar a competencia matemática
- Material para a comprensión e expresión: láminas, dados, xogos de mesa, materiais de elaboración propia.
- Material interactivo: distintas aplicacións, recursos de diferentes blogs de PT, ordenador, tablet, pizarra dixital...
- Material funxible

Como sempre, tratamos de traballar coordinadamente co resto dos profesionais polo ben dos nosos alumnos. Así realizáronse distintas reunións con:

- Familias , profesores titores e especialistas externos ao colexio.
- Departamento de Orientación
- avaliacións trimestrais.

A13.- MEMORIA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Introdución:

A presente memoria corresponde a xefatura do Departamento de Orientación debido a que este curso académico 2019-2020 non se creou Departamento de Orientación cos membros correspondentes. A dirección do centro e o servizo de Inspección educativa estimaron conveniente a non creación deste departamento por motivos organizativos, polo tanto, desenvolvéronse unicamente as funcións propias da xefatura do departamento e das especialista de PT e AL.

As reunión que se levaron a cabo ao longo do curso foron reunións semanais de coordinación do equipo de orientación (orientadora, especialista de Pedagogía Terapéutica e especialista de Audición e Linguaxe) para tratar temas propios das intervencións de alumnado con NEAE e de participación nas avaliacións psicopedagóxicas.

A xefatura do D.O. do CEIP Sobreira-Valadares é compartida co CEIP Josefa Alonso, sendo o CEIP Sobreira- Valadares o centro base cunha permanencia de 3 días á semana e todos os martes pola tarde. En canto aos demais compoñentes do equipo de orientación, a mestra especialista en Pedagogía Terapéutica está a xornada completa desempeñando o cargo de Secretaria do centro e a mestra especialista en Audición e Linguaxe está compartida con outro centro permanecendo no CEIP Sobreira-Valadares 3 días á semana.

A continuación, desenvolverei a presente memoria seguindo a Orde do 24/07/1998 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e que se refire no artigo 15º á memoria do Departamento de Orientación como un documento que deberá redactar o orientador e determina que deberá recoller polo menos:

- As intervencións realizadas no centro educativo e valoración das mesmas.
- Materiais elaborados e difundidos.
- Valoración dos programas de intervención levados a cabo.
- Colaboracións realizadas con outros servizos e institucións.
- Valoración global do cumprimento dos obxectivos do plan anual e propostas de mellora.

1. VALORACIÓN DAS INTERVENCIÓNS REALIZADAS NO CENTRO EDUCATIVO

INTERVENCIÓNS	NÚMERO
Número de alumnos/as con apoio de Pedagogía Terapéutica	20
Número de alumnos/as con apoio de Audición e Linguaxe	27
Número de alumnos/as con apoio de coidador	1
Número de demandas (Mestres, familias e gabinetes externos) atendidas	43
Número de avaliacións psicopedagóxicas realizadas	22

A valoración das intervencións é positiva. Resaltar o feito de que este curso académico a xornada da mestra especialista en AL foi insuficiente polo elevado número de alumnado diagnosticado con trastorno da articulación e que necesita da intervención desta especialista. Asimesmo, a xornada da orientadora tamén é escasa debido ao elevado número de demandas que se producen no centro e a necesidade de actualizar os expedientes e informes psicopedagóxicos de todo o alumnado do D.O.

2. MATERIAIS ELABORADOS E DIFUNDIDOS

Elaboráronse materiais específicos dirixidos ao alumnado con NEAE así como informativos para as familias e profesorado. Difundíronse en reunións, a través de correo electrónico e a través da web do centro.

3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN LEVADOS A CABO

Os programas de intervención levados a cabo no centro foron os seguintes:

- Programas de intervención individuais por parte da especialista de PT
- Programas de intervención individuais por parte da especialista de AL

Os programas de intervención das especialista de PT e AL centrábanse nos seguintes ámbitos (según as necesidades do alumnado):

- + Traballo das funcións executivas
- + Estimulación dos procesos cognitivos básicos
- + Estimulación da comunicación e linguaxe (verbal e non verbal)
- + Adquisición de estratexias de autorregulación e xestión emocional
- + Fomento das habilidades sociais
- + Mellora das habilidades metalingüísticas
- + Desenvolvemento do proceso lectoescritor
- + Promoción da motivación e coidado da autoestima
- + Traballo articulatorio de fonemas
- + Reforzo das competencias instrumentais básicas
- Programa de estimulación da autonomía básica (centrado no control de esfínteres) por parte da coidadora
- Programa de preparación para a ESO
- Programa de modificación de conduta

A valoración destes programas é positiva. Débese ter en conta que ditos programas sufriron modificacións debido ao período de confinamento.

4. COLABORACIÓN REALIZADAS CON OUTROS SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

- Colaborouse activamente con derivacións e peticións co Servizo do Sergas de Galiza.
- Colaborouse co EOE de Pontevedra. En concreto, levouse a cabo unha intervención por parte do EOE de Altas Capacidades, outra intervención por parte do EOE de Conduta e queda pendente unha solicitude que non se levou a cabo do EOE de Trastornos do desenvolvemento.
- Colaboración coa Cruz Roja con sede en Vigo que donou tarxetas SIM de conexión a Internet ao alumnado que o precisaba.

5. VALORACIÓN GLOBAL DO CUMPRIMENTO DOS OBIECTIVOS DO PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO D.O. (PAADO)

ACTUACIÓNS	CONSECUCIÓN
Proposta de atención alumnado do profesorado de PT-AL e de profesorado con horas asignadas polo equipo directivo para apoio	Acadado
Revisión de todos os documentos do curso anterior relacionados co alumnado con NEAE (ACS, RE, informes, expedientes, etc)	Acadado
Asesoramento á Comunidade Educativa	Acadado

Coordinación das Xuntanzas do Departamento e elaboración das actas correspondentes	Non se levou a cabo
Programa de desenvolvemento da conciencia fonolóxica	Non se levou a cabo por falta de horario da especialista de A.L.
Xestión das becas do alumnado de NEAE	Acadado
Elaboración e aprobación do PAADO	Elaboración sí, aprobación non se levou a cabo (corresponde ao D.O.)
Revisión do Plan de Orientación	Non se levou a cabo (corresponde ao D.O.)
Elaboración/ concreción do PXAD para PXA	Non se levou a cabo (corresponde ao D.O.)
Cubrir os datos da aplicación DRdadi	Acadado
Realización de avaliacións psicopedagóxicas , ditames e informes	Acadado (quedan pendentes as avaliacións que se estaban realizando no momento do confinamento e as programadas para o 3º trimestre)
Solicitude de intervención aos especialistas do EOE, sempre que sexa necesario	Acadado
Realización do Plan Específico de Reforzo para alumnado repetidor e con materias pendentes	Acadado
Implementación do Plan Específico de Reforzo para alumnado repetidor e con materias pendentes	Acadado
Participación no seguimento do Plan de Convivencia e na comisión de convivencia escolar	Seguimento do Plan de Convivencia sí. Participación na Comisión de convivencia escolar non
Asistir ás sesións de avaliación	Acadado
Reunións mensuais do Departamento	Non hai
Proposta de adquisición de material do Departamento	Acadado
Asesoramento / participación na realización e seguimento das AC	Non houbo AC
Asesoramento xeral na acción tutorial	Acadado
Asesoramento e colaboración na elaboración/ revisión documentos do centro	Acadado
Actuacións promotoras da convivencia	Acadado
Asistencia ás reunións convocadas polo D.O. do IES ao que estamos adscritos	Acadado
Propostas de aplicación de probas psicopedagóxicas grupais por niveis a petición do profesorado do centro xustificadas por necesidades	Non houbo
Propostas de aplicación de probas de comprensión lectora grupais por niveis a petición do profesorado do centro, xustificadas por necesidades	Acadado
Participar nas probas de avaliación externa do alumnado	Non houbo
Visita ao IES Valadares	Non se pudo realizar

Elaboración do programa de preparación para a ESO	Acadado (con modificacións)
Cubrir os datos da aplicación DRorienta	Acadado
Avaliación do Plan Anual de Actividades do D.O.	Acadado
Redacción da memoria do D.O	Acadado

O Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) viuse alterado debido ao COVID-19 e a non creación do D.O. coas reunión mensuais pertinentes.

Tarefas de divulgación na web do centro escolar durante o COVID-19 por parte do Departamento de Orientación:

- ✚ Consellos psicolóxicos para largos períodos na casa
- ✚ Consellos para axudar as persoas TEA para manexar o coronavirus
- ✚ Orientacións para traballar a atención
- ✚ Instrucións do Ministerio de Sanidade para persoas con discapacidade
- ✚ 10 consellos útiles para xestionar a cuarentena do COVID-19
- ✚ Cómo explicar o coronavirus a persoas con TEA
- ✚ Contos para explicar o coronavirus
- ✚ O coronavirus en pictogramas
- ✚ Propostas de actividades con motivo do Día Mundial da concienciación sobre o autismo
- ✚ Artigo sobre intelixencia emocional
- ✚ Actividades sobre autoconhecimento emocional
- ✚ Propostas para ler
- ✚ Cómo explicar aos nenos/as que poden saír da casa
- ✚ Actividades sobre autocontrol emocional
- ✚ 7 consellos para familias ante situación límite
- ✚ Cadernos de desenvolvemento emocional en familia
- ✚ Pautas para familias de alumnado con TDAH e/ou trastorno de conduta
- ✚ Proposta de actividades para traballar a linguaxe dende a casa
- ✚ Videoconferencia, presentación e información sobre o tránsito ao IES Valadares

Durante o confinamento por motivo da pandemia COVID-19 a orientadora, especialista de P.T. e especialista de A.L. seguimos atendendo demandas do profesorado e familias por teléfono e correo electrónico, adaptando materiais para alumnado con NEAE, realizando as reunións semanais de coordinación, apoiando por videoconferencia ao alumnado que o necesitaba e publicando na web información e materiais de interese para a comunidade educativa e para o alumnado con NEAE.

Destacar que a coordinación da xefatura do D.O. coa especialista de P.T. e a especialista de A.L. foi excelente e moi satisfactorio o traballo en equipo efectuado durante todo o curso académico. A relación e coordinación cos titores/as e demais especialistas tamén foi moi boa e en todo momento o persoal docente se mostrou colaborativo co D.O. Por outra banda, destacar a boa relación de colaboración e coordinación existente coa coidadora do centro.

6. PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO

- A proposta que máis urxe e se necesita é a creación no mes de setembro do Departamento de Orientación cos membros correspondentes e a realización das reunións mensuais pertinentes.
- Outro tema que urxe é a creación/revisión dos documentos propios do D.O.

- De cara ao vindeiro curso é necesario repartir a permanencia dos martes pola tarde entre os dous centros que comparten a xefatura do D.O (como mínimo un martes é necesaria a permanencia no centro compartido).
- Solicitouse as direccións de ambos centros que a orientadora poida permanecer 2 días seguidos no CEIP Josefa Alonso e 3 días seguidos no CEIP Sobreira-Valadares por motivo da pandemia COVID-19 (menos movementos) e por motivos organizativos da propia xefatura do D.O.
- O permanencia a xornada completa no centro da orientadora é unha necesidade para poder atender a todas as demandas que se producen e actualizar todos os expedientes e documentación do D.O. (3 días resulta insuficiente).
- A permanencia a xornada completa no centro da mestra especialista de A.L. é unha necesidade para poder dar resposta a todas as necesidades educativas que requiren da intervención desta especialista (3 días resulta insuficiente).
- Sería desexable orientar o funcionamento do departamento cara a un modelo por programas que vaia desterrando o actual modelo por demandas. Para iso é imprescindible a permanencia a xornada completa no centro por parte dos tres membros que forman o equipo de orientación, para poder desenvolver ditos programas a medio-longo prazo.

M^a Gloria García Fernández
(Xefa do Departamento de Orientación)

A14. MEMORIA DO EQUIPO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

Grao de cumprimento dos obxectivos propostos para o curso 2019/20.

1. En relación coa organización e xestión.

	Acadado	En Proceso
Catalogar as bibliotecas de aula de EI e así completar todos os fondos do cole no MEIGA para poder atopalos cando se precisen.		X
Dotar ao rincón de audiovisuais dalgún dispositivo para poder utilizar os libros de realidade aumentada e os Cd dentro da biblioteca.		X
Contar co compromiso do equipo directivo da achega, de entre un 5% e un 10% do presuposto anual, dedicada á biblioteca xunto á dotación económica do PLAMBE.	X	
Dotar o “Rincón Fedello” de materiais de aprendizaxe manipulativa.		X
Seguir a presentarse nas convocatorias de “Biblioteca Creativa”, “Radio Escolar” e “Traballos por Proxectos”.	X	

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos.

	Acadado	En Proceso
Seguir na liña dos últimos cursos, facendo da biblioteca o eixe vertebrador das actividades do Centro, en especial as que teñan por obxecto promover a alfabetización informacional, a través de proxectos de investigación.	X	
Colaborar na programación dos proxectos para facilitar ás titorías que non supoñan un traballo a maiores, se non que complementen os contidos propios de cada materia contribuindo a adquisición das competencias clave do alumnado.		X
Empregar a nosa mascota Leo León para a dinamización e promoción dos recursos, actividades e concursos.	X	
Empregar o blog da biblioteca na páxina web do centro para publicar os traballos, eventos e noticias que teñan que ver coa biblioteca; procurando que os voluntarios de 6ºEP participen na redacción dos post.		X

3. Formación de usuarios

	Acadado	En Proceso
Completar a sinalética da biblio coa CDU ilustrada de BE asumindo as ilustracións de autobuses. Deseñando unha unidade didáctica de formación de usuarios (" <i>E logho ti, de quen ves sendo?</i> ") traballando con dinámicas e estruturas de aprendizaxe cooperativa.	X	
Reservar as sesións necesarias, preferiblemente no primeiro trimestre, para poñer en práctica a unidade didáctica sobre a formación de usuarios.		X
Queremos asegurarnos unha formación específica en saber buscar no catálogo da nosa biblio "on-line". Atopamos esta opción, especialmente interesante para o alumnado que pasa ao instituto e pode seguir a		X

consultar os nosos fondos na internet.		
Empregar as novas mascotas -os morcegos da colonia " <i>A Familia Norturna dos Morcepuntos</i> "- para achegar o sistema de clasificación CDU ao alumnado de infantil.		X

4. Animación á lectura

	Acadado	En Proceso
Continuar a participación no programa de Voluntariado Lector, contando coa colaboración do alumnado de 5º e 6º para labores de apoio na organización de actividades e préstamo durante os recreos. E para lecturas, dentro e fóra do cole.	X	
Promover actividades que faciliten a adquisición da competencia lingüística, tanto na escrita como na oral, convocando concursos de: relato curto, poesía, contos de diferentes temáticas, banda deseñada, trabalinguas ...	X	
Queremos continuar animando ás familias a participar nas actividades promovidas dende a biblioteca como veñen facendo ata agora, e coñecer o grao de satisfacción de toda a comunidade educativa e a súa valoración, en relación á biblioteca escolar, a través dos cadernos das Mochilas Viaxeiras e recollendo a súa avaliación coas enquisas destinadas ao alumnado, profesorado e familias.		X

5. Unha biblioteca inclusiva

	Acadado	En Proceso
Tratar a diversidade facendo partícipes e receptores das actividades xeradas na biblio a todo o alumnado do Centro.	X	
Contar co compromiso do equipo directivo da achega dun presuposto anual, dedicado ás " <i>compras comisionadas</i> ". Esta forma de selección de compra dos fondos consiste en que as mestras dun mesmo nivel, -ou que imparten unha mesma materia en varios niveis-, solicitan determinados fondos por requisito das súas programacións. De modo que cando se mercan eses fondos está asegurado que son fondos de	X	

calidade e que son fondos que van estar “activos”.		
Potenciar a investigación nos proxectos de xeito interdisciplinar e interniveis, cunha proposta de apadriñamento lector extendida á formación de usuarios e formación documental seguindo algunhas das estruturas do traballo cooperativo.		X

6. Avaliación.

	Acadado	En Proceso
Valorar o grado de satisfacción de toda a comunidade educativa en relación á biblioteca escolar e establecer liñas de mellora de cara ao futuro, recollendo a valoración do conxunto de actuacións levadas a cabo ao longo do curso, coas enquisas destinadas ao alumnado, profesorado e familias.	X	
Sondear os hábitos lectores nas casas a través dos cadernos das Mochilas Viaxeiras.	X	

Coordinación da biblioteca escolar.

	Acadado	En Proceso
Aumentar o número de mestras e de sesións de dedicación á biblioteca no seu horario. Facendo coincidir, na medida do posible, a lo menos a tres membros do equipo nunha sesión semanal de reunión do equipo de dinamización durante o horario lectivo de mañá.	X	
Facer coincidir, na medida do posible, a lo menos a tres membros do equipo nunha sesión semanal dentro do horario lectivo de mañá.	X	

2) Descrición das actividades desenvolvidas

2.1- Actividades en relación coa xestión técnica.

- Catalogar os fondos das bibliotecas de aula de EI.
- Actualizar as fichas para préstamo de aula.
- Preparar a formación de “leotecarios” de 5º de EP.
- Formación de novo profesorado no cole. Carta resumo de normas, liñas de actuación, proxectos da biblio
- Recolocar o mostrador do posto de bibliotecaria e as mesas.
- Imprimir “4 guías rápidas” cos procedementos máis habituais no MEIGA (empréstitos, devolucións, atopar un título, atopar nº lector)
- Actualizar lista carnés lectores
- Horario da biblioteca a disposición das titorías.
- Preparamos a nosa solicitude para entrar na convocatoria de radio na biblio e no programa de Bibliotecas Creativas (escornabots).
- Revisar o “Book Truck do 2º andar”. Un moble no corredor a disposición de 4º, 5º e 6º na sesión de lectura.
- Revisar o caixón de “Recomendacións” de Leo León.
- Revisar os fondos no punto informal de lectura.

2.2- Actividades en relación co fomento da lectura.

- Posta en marcha das mochilas viaxeiras.
- Manter e ampliar as actividades do Rincón Fedello
- Convocamos o II Concurso de epitafios por Samaín, IV concurso de Contos de Nadal, II Concurso de Lettering polo Día da Ilustración.
- Preparamos un portfolio de fichas para facer no laboratorio en “Novembro Mes da Ciencia en Galego”.
- Publicamos as recomendacións lectoras para Nadal.
- Preparamos unha selección de materiais para as datas significativas.
- Promocionamos concursos literarios organizados por outras entidades.
- Colaboramos co EDLG para organizar actividades polo Día de Rosalía
- Voluntariado Lector do alumnado de 5º e 6ºEP na web do cole.
- Día do Libro na web do cole.
- Itinerario lector deste curso - Leticia Costas.
- Kiosko Bibliosoños coas revistas “Reportero DOC” e o xornal “O Papagaio” na web do cole.

2.3.-Actividades en relación coa educación para a competencia en información.

- Preparar as pistas para os “Preguntóns” que anunciaron o PDI deste curso.
- Imprimir e levar as cartas da seguinte pista ás caixas do correo de cada titoría.
- Enviar carta ás caixas do correo das titorías coas novidades que mercamos.
- Formación de usuario co xogo “E Logho ti de Quen Ves Sendo”

2.4- Outras actividades.

- Ambientación para o PDI. Creación de imaxes
- Inauguración da biblioteca, Día das Bibliotecas Escolares, e presentación do tema do PDI.
- Actividades de creación de adornos de Nadal con material de refugallo no Rincón Fedello.
- Cápsula do tempo para 6º Educación infantil

3) A avaliación das actividades, así como do funcionamento dos servizos da biblioteca en beneficio da comunidade escolar.

A valoración do curso é difícil de recoller. A situación sanitaria, o peche dos colexios o 13 de marzo, o confinamento na casa e a teledocencia; cortaron a programación da biblio de xeito abrupto e obrigaron a ter que suprimir, modificar e reinventar actividades previstas no programa de biblioteca.

Recollemos os datos estatísticos do Meiga, sesgados pola data de peche prematuro dos Centros. Non puidemos recoller os cadernos das Mochilas Viaxeiras. Temos algunhas valoracións aportadas polo alumnado a través da ficha de suxestións “Suxestión”.

Para coñecer a opinión que teñen os usuarios da nosa biblioteca escolar, adoitamos activar **tres enquisas, na internet**, con preguntas variadas en relación a funcionamento, servizos e actividades propostas. Este curso, nestas circunstancias tan particulares, imos actualalas ao principio do próximo curso, poder facer unha valoración detallada, que nos axude e correxir carencias e reconducir as liñas de acción.

4) As previsións de futuro.

-EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS

No próximo curso, 2020-21, é a nosa intención continuar traballando na mesma liña para normalizar o uso da biblioteca dentro da programación do profesorado.

Teremos que revisar a colección, e reforzar as carencias en determinados tipos de fondos. Non so pola posibilidade de que o vindeiro curso puidera repetirse a situación de actividade non presencial; senón tamén para atender á alfabetización mediática e informacional do alumnado e outros membros da comunidade escolar.

Para a dinamización e promoción dos recursos e actividades seguiremos a empregar á nosa mascota Leo León.

Construír unha biblioteca inclusiva contemplando na colección textos adaptados e recursos en diferentes formatos e ofrecendo oportunidades para ser partícipes e receptores das actividades xeradas na biblio. Desenvolver actividades de para percibir a diversidade como un desafío e unha oportunidade para enriquecer o entorno de aprendizaxe e xerar actitudes de normalización, visibilización e trato igualitario en relación coa diversidade.

Na páxina web do Centro seguiremos a publicitar os traballos, eventos e noticias que teñan que ver coa nosa “Leoteca Bibliosoños”. Baixo dominio da Xunta dentro da web do cole, en formato blog: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsobreiravaladares/bibliosoños>

Pretendemos participar nas seguintes convocatorias de Bibliotecas creativas e de Radio na Biblio. Planificar o curso traballando cos escornabots que mercamos, ata entrar no programa de bibliotecas creativas.

NO ÁMBITO DE ANIMACIÓN Á LECTURA E FORMACIÓN DE USUARIOS

Para afrontar os novos retos e pensando que puidera repetirse a situación de actividade non presencial (tanto sexa de forma parcial ou total); queremos asegurarnos unha formación específica en utilizar os recursos da biblio en rede. Buscar no catálogo en rede xa era, especialmente, interesante para o alumnado que pasa ao instituto e pode seguir a consultar os nosos fondos na internet.

Valorar retomar, ou non, os proxectos e actividades que quedaron sen rematar no curso 2019-20

Promover actividades que faciliten a adquisición da competencia lingüística, tanto na escrita como na oral, algo que desde a biblioteca fomentaremos co apadriñamento lector en datas significativas (día de Rosalía, día da poesía, semana prensa, día libro e letras galegas), pasaporte lector (lecturas de maiores a pequenos solicitadas por titoras para recibir nas súas aulas na sesión de lectura), corticeira de recomendacións e convocando concursos (de relato curto, poesía, contos de diferentes temáticas, banda deseñada...). Nestas circunstancias especiais, haberá que valorar se son viables estas actividades anuais e haberá que buscar o xeito de adaptalas ou reestruturalas.

Continuar inculcando no alumnado o hábito lector abríndonos a diferentes soportes. Volveremos solicitar a participación no programa de Voluntariado Lector, que ten gran éxito entre o alumnado. Se non puidera ser de xeito presencial, tentaremos modificar e adaptar as actividades, buscando o xeito de acompañar aos rapaces a través da web do cole e blog da biblio.

Contar coa colaboración do alumnado de 5º e 6ºEP para labores de axuda na organización da actividades e préstamo durante os recreos, como “Voluntarios Leotecarios”. Como estamos nestas circunstancias extraordinarias; toda esta actividade quedou pendente das novas instrucións e organización da actividade escolar.

Haberá que revisar e difundir o tríptico de normas para entregar ás familias usuarias. Informar dos novos protocolos de uso.

Ao comezo de curso programaremos a formación dos voluntarios “leotecarios”. Tamén é necesaria unha formación para usuarios por niveis de dificultade, con especial atención ao novo alumnado no Centro.

Atender, acompañar, asesorar e formar ao novo profesorado que se incorpore ao Centro no ámbito de: empréstitos ás aulas, “book truck do 2º andar”, “compras comisionadas”, sesión reservada no espazo da biblioteca e dinámicas da biblioteca.

Pretendemos sistematizar a sinalética da biblio coa CDU ilustrada de BE asumindo as ilustracións de autobuses. Queremos desenvolver con todos os niveis, e mestras; a unidade didáctica de formación de usuarios que deseñamos (“*E logho ti, de quen ves sendo?*”). Cun portfolio de fichas para desenvolver con dinámicas e estruturas de aprendizaxe cooperativa.

Apoiar ás titorías coa Educación Documental, coa que queremos que o alumnado poña en práctica a pescuda, tratamento e comunicación da información, empregando diferentes fontes e soportes (tamén o dixital). Colaborando e facilitando os seus traballos baixo o Proxecto Documental Integrado.

Queremos continuar animando ás familias a participar nas actividades promovidas dende a biblioteca como veñen facendo ata agora, e coñecer o grao de satisfacción de toda a comunidade educativa e a súa valoración, en relación á biblioteca escolar, a través dos cadernos das Mochilas Viaxeiras e recollendo a súa avaliación coas enquisas destinadas ao alumnado, profesorado e familias.

Pretendemos programar a visita á biblioteca Central de Vigo de modo que ao longo da escolaridade de infantil e primaria todo o alumnado coñeza esta Biblioteca.

EN CANTO AO EQUIPAMENTO E MOBILIARIO

Precisamos continuar completando un recanto de audiovisuais. Nestas circunstancias, teremos que valorar potenciar a adquisición de recursos dixitais. Pero, ademáis dos dispositivos, precisamos atopar o mobiliario axeitado que permita utilizar, dentro da biblioteca, de xeito informal: estes dispositivos, os libros de realidade aumentada e os Cd.

Coordinar co equipo TICs o uso dos dispositivos. A biblioteca ten 6 portátiles para uso do alumnado. A biblioteca ten 2 Ipad e unha tablet. No Cole temos outros 4 Ipad a disposición de todo o profesorado, según solicitude de quenda nunha grella de horario. Tamén mercamos 4 escornabots que chegaron ao Centro cando pechamos pola pandemia do Covid-19.

Pretendemos continuar dotando de materiais de aprendizaxe manipulativa ao “Rincón Fedello”.

Valorar a posibilidade de pintar a biblioteca. A seguinte obra importante é adecuar o espazo “patio interior” do edificio do cole para poder empregalo como punto de lectura informal. Sería un espazo onde desenvolver actividades de fomento da lectura ao que actualmente non pode acceder/empregar o alumnado.

NO QUE SE REFIRE Á ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Este final de curso tan excepcional, abre moitas reflexións e debates para programar e artellar o próximo curso 2020/21. Pretendemos decidir cal será a oferta e dinámicas máis axeitadas para atender ao alumnado; e para colaborar nas programacións das titorías facendo da biblioteca o eixe vertebrador das actividades do Centro.

Deseñar novos protocolos, consensuados co resto do equipo docente, para o uso dos fondos, espazos e equipamentos. Acordar un protocolo de apertura de uso según as medidas que se establezan polas autoridades sanitarias. Haberá que detallar persoal dispoñible, horario de apertura da biblioteca, número de usuarios simultáneos, desinfección do espazo e materiais.

Queremos rematar de catalogar as bibliotecas de aula de educación infantil; e así completar todos os fondos do cole no MEIGA.

Queremos consolidar a dinámica para seleccionar os fondos que se compran que chamamos: “*compras comisionadas*”. Esta selección consiste en que as mestras dun mesmo nivel, ou que imparten unha mesma materia en varios niveis, solicitan determinados fondos por requisito das súas programacións. De modo que cando se mercan eses fondos, está asegurado que son fondos de calidade e que son fondos que van estar “activos”.

Revisar co equipo directivo a organización de mestras de garda e apoio durante os recreos para atender a biblioteca e “Rincón Fedello”

Coordinar coa Xefatura de Estudos e coordinadoras das outras dinamizacións o planning mensual de actividades propostas dende todos os equipos.

Seguir a contar coa partida de entre un 5% e un 10% do presuposto anual do Centro dedicada á biblioteca xunto á dotación económica do PLAMBE.

Equipo de Dinamización da Biblioteca escolar.

Coordinadora: Mariana Covelo Figueiredo
Caridad Senra Gómez.
Ana M^a Fernández Benítez.
Mercedes Costela Sobrino
M^a Dolores Puga Portabales

A15. MEMORIA EQUIPO DINAMIZACIÓN DAS TICs

1. MEMBROS DO EQUIPO DINAMIZACIÓN DAS TICs

- Mónica Rodríguez Ces (coordinadora)
- Noela Cameselle Vila
- Paula Davila Fernández

2. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Neste curso, para acadar os obxectivos que plantexamos ao inicio do curso na PXA:

- Seleccionáronse recursos educativos axeitados ás necesidades de cada nivel, propoñendo enlaces para conmemoracións de obrigado cumprimento:

- ✓ *Día da Constitución e Estatuto de Autonomía*
- ✓ *Dereitos do consumidor*
- ✓ *Día Mundial da Saúde*
- ✓ *Día de Europa (durante o confinamento)*
- ✓ *Día do Medio Ambiente (durante o confinamento)*

- Organizáronse as actividades para a celebración do *Magosto* e do *Entroido*.

- Estableceuse unha sesión semanal de traballo coas “Tics” nos tres niveis de Educación Infantil. Nos dous primeiros trimestres na pizarra dixital e coa tablet de infantil, no terceiro trimestre desenvolveuse na sala de informática cos ordenadores persoais.

- O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, traballou no EDI, e coa tablet, para levar a cabo as tarefas de apoio e reforzo das aprendizaxes.

- Xestionáronse os recursos informáticos do Centro organizando horarios para a sala de informática, a aula de audiovisuais e os iPads.

- Fomentáronse as relacións coa comunidade a través da páxina web do Centro, actualizando as novas relativas ás actividades escolares e aos documentos administrativos de Secretaría.

- Constatamos un uso aceptable do sistema de mensaxería “AbalarMóbil” para as comunicacións coas familias.

Recursos:

- Equipos informáticos con conexión a Internet.
- Cinco aulas de titorías, 1º, 2º, 5º e 6º de EP con P.D.I. (Pizarra Dixital Interactiva)
- Aula de inglés1 (EI, 1º e 2º EP) con PDI
- Aula de Pedagogía Terapéutica con PDI
- 1 tablet para PT e o departamento de Orientación
- 1 tablet para Educación Infantil
- 6 iPads para uso de todo o centro (adquiríronse dous máis)
- Proxectores en todas as titorías.
- Accesorios de almacenamento (cds, DVDs, USB...).
- Mantense o servizo técnico para atender as avarías, fallos de configuración e outras incidencias.
- Catro kids de robótica.

3 – SITUACIÓN EXTRAORDINARIA DERIVADA DA PANDEMIA

Debido á situación vivida durante este curso polo estado de alarma e o confinamento nas casas o emprego das TICs cobrou especial relevancia por ser ferramentas imprescindibles para continuar coa teledocencia en todos os niveis. As persoas que formamos o equipo tentamos facer unha labor de apoio para os mestres que atopaban dificultades nas diferentes plataformas e aplicacións, para tratar de facilitarlles a comunicación coas familias, elaborar materiais didácticos, publicar contidos na páxina web, etc. A este respecto temos que dicir que esta labor non se limitou ás persoas responsables do equipo TICs, xa que, ademais de atopar unha boa predisposición a aprender, tamén atopamos unha gran xenerosidade e colaboración por parte de todos/as os/as compañeiros/as á hora de compartir coñecementos, consellos, materiais, aplicacións, enlaces de interese, tarefas de elaboración propia..., o que deu como resultado que TODOS/AS aprendéramos cousas novas, necesarias, e case imprescindibles para os tempos que corren e os que están por vir.

Desde o primeiro momento, e por decisión do equipo directivo, centramos a docencia a distancia tomando como referencia a páxina web do centro, a través da cal se publicaron as comunicacións ás familias coas novidades ás que tiñamos que adaptarnos en función das instrucións marcadas polo Ministerio de Educación e a Consellería. Organizadas en apartados por niveis ou blogs (de 4º de Infantil a 6º de Primaria), por equipos (Dinamización de Lingua Galega, Biblioteca, Plurilingüismo, Convivencia, Orientación) e especialidades (Música e Relixión) os/as mestres/as publicaban diaria ou semanalmente as tarefas dirixidas ao alumnado. Algunhas editoriais facilitaron números de licenza para que os alumnos puidesen conectarse ás aulas virtuais.

Ademais, para asegurarnos de que a información chegaba a todos, e todo o alumnado tiña posibilidade de levar con normalidade a teledocencia, cada titor fixo unha recollida de datos en canto a direccións de correo electrónico, teléfonos para comunicacións por AbalarMobil, conexión a internet e recursos dos que dispoñían as familias (ordenadores, tablets,

impresoras...). Con todos estes datos, e á vista de que varias familias carecían de conexión e recursos, desde o centro prestáronse ordenadores, e solicitáronse tarxetas de conexión á Consellería e posteriormente á Cruz Vermella.

Desta maneira todo o alumnado (salvo o que non quixera ou non puidera pola situación familiar) tivo a posibilidades de seguir conectado á escola, tamén a través da aplicación Webex facilitada pola Consellería para toda a comunidade educativa, e coa que o profesorado organizou de maneira periódica (nos cursos superiores diariamente) videochamadas entre o grupo clase e os mestres, nas que participaron tanto titores como especialistas.

No mes de xuño púxose en marcha unha proba piloto coa aplicación Snappet que nos permite ter contidos dixitais até o 31 de agosto que pode axudar ao alumnado que necesite reforzo durante o verán (aínda que a nosa recomendación ás familias é que os nenos deben descansar), e nos permite facer un seguimento do alumnado a tempo real, cun servizo de chat para resolver dúbidas.

En xeral podemos dicir que o centro deu resposta ás necesidades derivadas do estado de alarma e o profesorado demostrou unha gran capacidade de traballo e adaptación, non permitindo en ningún momento que ningún alumno se vese desfavorecido. Aínda así, todos coincidimos en que non hai nada que poda substituír a docencia presencial e ao contacto directo entre mestre e alumno, así como a necesaria socialización dos rapaces.

4 – PROPOSTAS DE MELLORA

De cara ao vindeiro curso e ante a posibilidade dun rebrote do virus consideramos importante:

- Poñer en marcha as Aulas Virtuais das editoriais coas que traballamos desde o inicio de curso, para que profesorado, alumnado e familias se familiaricen desde o principio coa aplicación.
- Valorar a contratación de Snappet como ferramenta complementaria ao libro de texto para o alumnado de primaria.
- Valorar o reparto dos ordenadores da aula de informática entre as aulas de primaria, para crear un recuncho no que só traballen un grupo “estable” de alumnos, para fomentar o uso das TICs dun xeito máis normalizado e integrado na aprendizaxe diaria.

Ademais:

- Continuar renovando os equipos priorizando os da sala de informática xa que é de uso común e da servizo a todo o alumnado.
- Revisar a localización e formato da carpeta de incidencias Tics para xestionar e reorganizar, se procede, o servizo técnico contratado para maximizar a súa funcionalidade.
- Crear, xestionar, actualizar un banco de recursos educativos axeitados ás necesidades de cada nivel, tanto para as materias curriculares como para as datas de obrigada conmemoración coa colaboración e asesoramento de profesorado dos distintos niveis.
- Regular a comunicación cos outros centros a través da webcam cos colexios de Beade, Matamá e Igrexa-Valadares. Tanto baixo proposta dos equipos de Biblioteca e de Dinamización da Lingua Galega.

É un grupo de 20 alumnos e alumnas, moi traballadores, aínda que á súa vez, debido ás características da súa idade, con dificultades para manter a atención durante as explicacións, aínda que conforme vai avanzando o curso, van mellorando neste aspecto, entendendo a importancia das rutinas e partes da sesión.

No 1º nivel o traballo fundamentouse no desenvolvemento e afianzamento das habilidades perceptivas e na iniciación das habilidades básicas, tratando contidos como o esquema corporal, lateralidade, orientación espazo - temporal, desenvolvemento sensorial ou xogos populares e iniciación do traballo en xogos de equipo.

Destacar que dentro do grupo había gran parte do alumnado que tiña interiorizadas unhas normas básicas de comportamento e conduta, mentres que había 2 alumnos que mostraban dificultades para comportarse de forma axeitada, sen seguir o ritmo da clase, incapaz de desenvolver una clase con atención ou colaborar cos seus compañeiros e compañeiras.

A16.- MEMORIA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

Neste curso 2019/2020, a área de Educación Física en Primaria, foi impartida por un especialista (tamén titor de 6º de primaria), traballándose ao longo do curso parte dos obxectivos propios para a área e facendo fincapé principalmente en:

- Fomentar actitudes de respecto, tolerancia, colaboración e aceptación das características propias e as dos demais.
- Desenvolver hábitos saudables no alumnado, incluíndo as pautas de hixiene.
- Realizar gran variedade de actividades e xogos que permitan desenvolver o ámbito motriz, social afectivo e cognitivo do alumnado.

Os espazos utilizados nas clases de Educación Física foron o ximnasio, as pistas polideportivas , o patio cuberto e as zonas verdes .

Os obxectivos plantexados ao principio do curso escolar fan referencia principalmente a toma de conciencia do propio esquema corporal, lateralidade, coordinación, equilibrio, habilidades motrices básicas, expresión corporal, xogos pre-deportivos, tradicionais e alternativos, relación entre actividade física e saúde, hixiene corporal e postural.

O Grado de consecución dos obxectivos propostos foi satisfactorio respecto as expectativas plantexadas ao inicio do curso.

Como adaptacións e ampliacións realizadas respecto a programación do inicio de curso, engadimos novas propostas didácticas que resultaron de grande interés para o alumnado:

- No segundo trimestre, realizamos unha pequena unidade didáctica de iniciación ao atletismo en pista, aproveitando que os de 5º de primaria participaban nunha actividade do Programa Xogade relacionada con este deporte.
- Tamén neste 2º trimestre desenvolveuse unha iniciación ao bádminon xa que o alumnado estaba inscrito para participar nesta modalidade deportiva no programa XOGADE, que por causa do confinamento non se puido levar a cabo.
- Realizouse unha adquisición de material para malabares.

PROPOSTAS DE MELLORA.

De cara ao vindeiro curso, podemos destacar algunhas propostas de mellora da calidade do proceso de ensinanza aprendizaxe en educación física:

-Realizar máis actividades interdisciplinares, en coordinación cos outros docentes.

- Aumentar os recursos en canto a infraestruturas e materiais de educación física, aportando como suxerencias:

- Balóns de balonmán, aparte dos que xa hai de tipo polivalente.
- Cordas para saltar, xa que moitas están desgastadas.
- Corda de pita, para efectuar xogos de tracción, tipo sogatira.
- Rede de bádminon, xa que aínda que temos 1, ter outra facilita a organización.
- Conos triangulares con opción a colocar picas.
- Petos ou camisetas de 4 cores diferentes, para facilitar os grupos nos xogos predeportivos.

A17.-MEMORIA EQUIPO DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Equipo de Mestres:

- M^a Gloria García Fernández (Coordinadora)
- Lorena Estévez Álvarez
- Itziar Arenas Villarroel
- Victor Gallego Bernárdez
- M^a José Sánchez Gutierrez.

1. Obxectivos:

O longo do curso 2019-2020 fomentamos actividades para a procura dos seguintes obxectivos:

- Fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar a convivencia.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia
- Realizar actividades encamiñadas a sensibilización na igualdade entre homes e mulleres, non discriminación, ...
- Colaborar e potenciar unha xestión das medidas de carácter organizativo (espazos e tempos) que beneficie a convivencia escolar.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia da convivencia.
- Facilitar o desenvolvemento das competencias básicas, particularmente a social e cidadá e a de autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar a utilización de metodoloxías innovadoras que fomenten a convivencia escolar: Aprendizaxe cooperativo, Intelixencia emocional, Aprendizaxe por proxectos de traballo, Métodos de Investigación e descubrimento, Intelixencias múltiples...

2. Actividades que se realizaron no centro no marco da convivencia:

Debe quedar reflectida á situación excepcional que vivimos este curso académico por motivo da pandemia COVID-19 que supuxo a finalización da actividade presencial 3 meses antes do esperado e que provocou que algunhas actividades programadas non se poideran levar a cabo. Son moitas as actividades que a cotío se realizan neste centro escolar e que se poden aproveitar para educar nos valores, hábitos e actitudes da convivencia escolar.

Nas aulas:

- Caixa do correo da convivencia. Continuamos coa caixa do correo no que o alumnado pode introducir ideas, queixas, segredos...
- Aproveitamento das tarefas e rutinas diarias para facer referencia e ter presentes os valores da convivencia.
- Actividades de presentación e coñecemento mutuo dos alumnos (xogos, debuxos, narracións...).
- Actividades encamiñadas á atención aos alumnos novos que tivemos no centro para integralos no seu grupo .
- Fomento de espazos e tempos nas titorías para redactar as normas de convivencia, rutinas da clase, responsabilidades e alumnos encargados...(murais explicativos, tarxetas recordatorias...), resolución de conflitos que se producen a cotío e a forma de resolvelos.
- Recordatorio das normas de convivencia do colexio : asistencia e puntualidade, entradas e saídas, recreos, resolución de conflitos.....

- Observación sistemática das relacións dentro do grupo de cara á identificación de posibles desaxustes.
- Traballo sistemático de establecemento e afianzamento de condutas de convivencia pacífica e actitudes de tolerancia e rexeitamento da violencia, a excesiva competitividade, o menosprezo aos compañeiros, etc...
- Realización de a lo menos unha dinámica de Aprendizaxe Cooperativo en cada titoría para favorecer o coñecemento mutuo e a cohesión.

No recreo:

- Organización dos espazos no patio durante o recreo de xeito que se eviten as confrontacións.
- O día sen balón. Un día a semana o recreo se organiza con xogos.

Festas e Celebracións:

- Fomento de actividades conxuntas: festivais, celebracións, deportes, actos conxuntos, xogos cooperativos ...
- **Padriños escritores de cartas aos Reis Magos:** os alumnos de 6º,5º,4º e 3º fixeron de escritores das cartas de Nadal dos alumnos de 2º,1º e infantil.
- **Día dos dereitos dos nenos:** elaboración dun mural cos dereitos e deberes
- **Día Internacional da eliminación da violencia de xénero:** traballo nas titorías dun libro de lectura con alusión a esta temática e folio xiratorio como actividade previa "*cal pensas que é o argumento deste libro?*". Coreografía de todo o colexio da canción "*Yo sólo quiero bailar*".
- **Día da Paz:** traballo cooperativo por titorías sobre búsqueda de información sobre ONGs e creación por equipos dunha ONG para expoñela ao resto de compañeiros/as. Interpretación da canción "*Soan, soan, as campás da Paz*".
- **Concurso "Foto de profes cando eran pequenos":** para estimular o funcionamento do buzón de convivencia, propuxemos un concurso ao alumnado que consistía en adiviñar qué profe se escondía detrás de cada unha das fotos de cando eran pequenos
- **Día dos museos con inclusión:** aproveitando o lema do Día Internacional dos Museos 2020 "*Museos por Igualdad: diversidad e inclusión*", propuxemos unha actividade subida á web do centro para facer unha visita virtual polos museos.

No período de confinamento:

- Información e propostas dende as titorías e dende o Departamento de Orientación do centro de actividades encamiñadas ao fomento da convivencia familiar e desenvolvemento da intelixencia emocional.

3. Propostas de mellora:

- Coordinación do equipo: Esta función debe ser asumida por un docente a xornada completa no centro. A orientadora non pode asumila o vindeiro curso académico debido a que comparte dous centros, ten que poñer en marcha dous Departamentos de Orientación dende os cales tamén se dinamizarán actividades de convivencia e non dispón de horario para coordinar a organización de festivais e conmemoracións do

centro. Os tres días que acude a este centro son necesarios na súa totalidade para desempeñar as funcións propias da xefatura do departamento.

- Seguir buscando unha alternativa para a ubicación da celebración de actos e conmemoracións a nivel de centro distinta do pavillón do colexio, debido á reverberación do son.
- Valorar a proposta de “Teachers for the future” para fomentar a ecoloxía e merendas saudables.
- Manter ao día a carteleira da cortiza de entrada ao centro con mensaxes que fomenten a convivencia escolar.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA

A18.MEMORIA DO PLAN DE CONVIVENCIA

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

SEGUIMIENTO

A comisión de convivencia atendeu as reunión trimestrais para plasmar e abordar as situacións relativas á convivencia.

O equipo de dinamización da convivencia escolar colaborou no desenvolvemento de actividades que favorezan a prevención e mellora da convivencia entre a comunidade educativa.

Os instrumentos utilizados foron: rexistros, reunións, o buzón da convivencia, recomendacións da orientadora e colaboración da comisión na solución de medidas correctoras.

AVALIACIÓN

- Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior.
Positiva . Fanse visibles a melloras na medidas que se poñen en práctica cos protocolos elaborados en favor da convivencia.
- Alcance do plan de convivencia.
Procurouse que o plan abarque a organización total da estrutura escolar acadando transversalidade.
- Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.
Alcanzáronse parte dos obxectivos do plan. Continuarase co traballo en próximos cursos.
- Renovación do plan de convivencia
Pendente do próximo curso.
- Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia.
Fíxose un seguimento trimestral cunha posta en común para analizar o acontecido e deseñar melloras.
- Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.

- Tentase que a implicación do profesorado sexa a máxima. As veces non se consegue. En canto ás familias os canais de colaboración son fluídos.
- Funcionamento da comisión de convivencia do centro.
A comisión reuniuse trimestralmente para facer seguimento e planificar medidas preventivas na resolución de conflitos.
Tamén reúnese de xeito extraordinario para asesorar no momento que xurde o conflito que precisa impoñer medidas correctoras.
 - Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.
A representante da comisión de convivencia fai unha labor de asesoramento e coordinación continua. Forma parte do equipo de dinamización da convivencia escolar polo que a súa labor é máis doada e aberta.
 - Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas
O plan de convivencia actualizado presenta os protocolos pertinentes e está a disposición de toda a comunidade educativa. A comisión de convivencia asesora neste aspecto se é preciso.
 - Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.
 - Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva.
Non foi precisa a súa utilización aínda que o protocolo está actualizado no plan de convivencia.
 - Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos.
 - Valoración global da situación da convivencia escolar no centro.
A nivel xeral o grado de satisfacción é aceptable. Este curso cabe destacar un cambio na modalidade das actividades do equipo de dinamización de convivencia escolar: padriños escritores das cartas aos Reis magos, xuntanza para celebrar o día dos dereitos dos nenos e a violencia de xénero... Por outra banda continúaase coas sesións de “Filosofía Emocional” nas aulas de educación infantil coas que se traballa a prevención, resolución de conflitos, atención á diversidade...
 - Elaboración dun plan de igualdade específico para o noso centro que contemplou a creación dun espazo de xogo simbólico para o alumnado de Primaria e un areiro, ambos na liña de promover actividades lúdicas contra o estereotipo de xénero.
 - Habilitación dun espazo na planta baixa para os materiais e actividades do equipo de Convivencia escolar.

PROPOSTAS DE MELLORA

- Formación dun equipo estable con profesorado definitivo no centro, coordinado pola dirección.
- Revisión do Plan de Convivencia para revisar e actualizar aspectos concretos do Plan para o curso 2020/21, dadas as condicións particulares que as medidas hixiénico-sanitarias van supoñer na convivencia no noso centro.
- Actividades formativas para a mellora da convivencia.

A19. MEMORIA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

MEMBROS DO EQUIPO: .

- Todos aqueles membros do claustro de profesores que estaban implicados na actividade ou saída, así como as comisións correspondentes a cada celebración.

REUNIÓNS

Unha cada trimestre, agás o terceiro por mor do confinamento. Tamén os martes que foi preciso, nas reunións xerais, transmitíanse os avisos necesarios.

Este curso 2019/2020, todos os grupos do centro realizaron diversas saídas e actividades complementarias e todas elas, en xeral, foron valoradas positivamente polo profesorado.

As saídas ou actividades realizadas foron ofertadas polas seguintes institucións:

Concello de Vigo.

Universidade de Vigo

IES VALADARES.

CFR Vigo

AFUNDACIÓN

El Corte Inglés .

Servizo de Deportes da Xunta

Asociación Veciñal e cultural de Valadares

SOS ÁFRICA

Álvarez Vázquez.

Melytour.

Comunidade de augas de A Garrida e Sobreira.

XOGADE.

Museo do Mar.

Dende o equipo de actividades complementarias e extraescolares apostamos pola realización de actividades complementarias desenvolvidas no Centro e fóra para que o alumnado desenvolva plenamente as súas capacidades.

Destacar a colaboración e axuda da ANPA que aporta parte do custo dos autobuses para o alumnado socios e tamén subvenciona distintas actuacións para todo o alumnado. Tamén é

salientable a súa implicación tanto persoal como económica en distintas actividades ao longo do curso.

A continuación pasamos a enumerar a totalidade das actividades realizadas ao longo do curso escolar 2019/2020.

OUTUBRO:

Día 15.- Plantación no monte fronte ao colexio coa colaboración da comunidade de Montes de Valadares. 6ºA e 6º B de Ed. Infantil.

NOVEMBRO:

Día 5.- Teatro “ Troya”. Alumnado de 5º e 6º de Primaria.

Día 15.- teatro “ Gaia”. Alumnado de 3º e 4º de Primaria.

Día 20.- Cine Submarino no Auditorio do Concello. Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria

Día 21.- Teatro no Auditorio do Concello. Alumnado de 1º e 2º. Alumnado de 5º e 6º .

Día 25.- Teatro Afundación : “ Sonoro empeño”. Alumnado de 3º e 4º de Primaria.

Día 28.- Teatro afundación : “ Sonoro empeño”. Alumnado de 1º e 2º de Primaria.

Día 29.- Teatro Afundación :” Sonoro empeño”. Alumnado de 5º e 6º de Primaria. Naturnova. Alumnado de 5º e 6º de Primaria.

DECEMBRO:

Día 3.- Astro rei, o sol. Alumnado de 3º e 4º de Primaria.

Día 19: FESTIVAL DE NADAL no CVC Valadares. Todo o alumnado.

XANEIRO:

Día 8.- Teatro: “ A nena e o grilo e máis aló”. Alumnado de 1º e 2º de Primaria.

Día 21.- Astro rei, o sol. Alumnado de 1º e 2º de Primaria.

Día 31.- Actividade deportiva de Badmington. Alumnado de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.

FEBREIRO:

Día 4.- Teatro Afundación “ O lobo e a lúa”. Alumnado de Ed. Infantil.

Día 5.- Planetario no centro. Alumnado de 2º, 3º e 4º de Primaria.

Día 13.- Teatro : “ Nana para un soldado”. Alumnado de 3º e 4º de Primaria.

MARZO:

Día 5.- “ Safari”. Alumnado de 1º e 2º de Primaria.

Día 10.- Actividade deportiva de atletismo. Alumnado de 5º de Primaria.

Día 31.- Auditorio do Concello. Concerto didáctico. Alumnado de 5º e 6º de Primaria. Non realizado.

ABRIL:

Día 29.- Teatro Afundación : “ As fabas máxicas”. Alumnado de Ed. Infantil Non realizado.

A20. MEMORIA DA ANPA

OBXECTIVOS E FUNCIÓNS

O comedor escolar é xestionado pola ANPA cunha media de 60 comensais diarios, algúns fixos e outros becados polo Concello. Durante este curso houbo días de 80 alumnos utilizando o comedor escolar aínda que de xeito puntual.

A aula matinal tamén é xestionada pola ANPA, cunha media de 15 nenos diarios, con horario dende as 8:00 hasta as 9:00

Para este curso ofrecéronse as seguintes Actividades Extraescolares: Natación, Ximnasia Acrobática, Patinaxe, Intelixencia Emocional, Escola de Maxia, Inglés Infantil, Programación e Robótica, Zumba Familiar, Baile Moderno, Repostería, Taekwondo Lúdico e Construc-Technic.

Durante todo o curso acordouse subvencionar nun euro as excursións a tódolos socios.

A principios do curso ofertouse un chándal escolar co logo do Colexio, para todos os membros da comunidade educativa, os interesados encargárono na ANPA.

ACTIVIDADES

Pasamos a enumerar as actividades realizadas pola ANPA no CURSO 2019/20:

No mes de Novembro tivemos a Festa do Magosto na que repartíronse castañas, choripán e zumes.

Na Festa do Nadal entregáronse caramelos e agasallos a todos os alumnos.

En Febreiro tivemos a Festa do Entroido, na que viu o churreiro e preparou chocolate con churros para mestres e nenos.

Colaboramos co centro no acondicionamento dun espazo de xogo no patio de Primaria, así como no proxecto dun areeiro tamén para Primaria que quedou usen facer debido ao confinamento.

A partir da corentena paralizáronse todas as actividades no colexio, quedando, polo tanto, sen realizar as celebracións de fin de curso, as saídas colectivas para as familias, a acampada e calquera outra actividade do terceiro trimestre.

Dada a situación particular do comezo do vindeiro curso non está previsto programar ningunha actividade ata que saian os protocolos de actuación hixiénico – sanitarios.